

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

*ORDE do 30 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para o fomento do emprendemento en economía social (Programa Aprol-economía social), cofinanciadas parcialmente con cargo ao Programa operativo do Fondo Social Europeo e ao Programa operativo de emprego xuvenil, e se convocan para o ano 2016.*

A Constitución española establece no seu artigo 40 a obriga dos poderes públicos de promover as condicións favorables para o progreso social e económico e, de maneira especial, de realizar unha política orientada ao pleno emprego. Así mesmo, recolle no artigo 129 a obriga de promover eficazmente as diversas formas de participación na empresa e de fomentar, mediante unha lexislación adecuada, as sociedades cooperativas, así como a de establecer os medios que faciliten o acceso das persoas traballadoras á propiedade dos medios de produción.

A Comunidade Autónoma de Galicia asumiu a competencia exclusiva en materia de cooperativas en virtude da transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, ampliando a recollida no artigo 28.7 do Estatuto de autonomía de Galicia. En virtude desta competencia, a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, recoñece como de interese social a promoción e o desenvolvemento das sociedades cooperativas, dispondo que a Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia de traballo, realice unha política de fomento do movemento cooperativo e adopte as medidas necesarias para promover a constitución e o desenvolvemento das cooperativas.

Pola súa banda, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia que, a través dunha regulación común aplicable ao conxunto das entidades que a integran, ten por finalidade recoñecer, fomentar e impulsar as ditas entidades para o eficaz cumprimento dos fins económicos e sociais que lle son propios, potenciando a súa presenza, crecemento e influencia en todos os campos da acción social, económica e empresarial, así como o establecemento de mecanismos para a súa organización e coordinación.

As empresas de economía social, e singularmente as cooperativas, teñen demostrado a súa capacidade de resistencia ás crises, de creación de emprego estable e de calidade, de vinculación co territorio e de mellora do benestar social, polo que resulta procedente activar suficientemente as súas potencialidades de emprendemento e autoemprego.



O Decreto 175/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, atribúelle á citada consellería a competencia para propoñer e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito laboral, que engloba, entre outras, as competencias en materia de cooperativas e outras entidades de economía social. Segundo o seu artigo 36.c), correspóndelle á Secretaría Xeral de Emprego, entre outras, a dirección, coordinación, control e execución das competencias da Comunidade Autónoma en materia de emprego, cooperativas e outras entidades de economía social.

En exercicio das citadas competencias, a Consellería de Economía, Emprego e Industria aprobou a Axenda 20 para o emprego, que pretende ser o instrumento que permita a creación de emprego estable e de calidade, no marco do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 e do novo modelo económico e produtivo definido para Galicia, a través da Axenda para a competitividade industrial Axenda 4.0, a Estratexia de especialización intelixente e a Estratexia de internacionalización da peme galega. Entre as medidas que recolle a Axenda 20 para o emprego destaca o programa Aprol, destinado a incentivar o emprego e que ten como unha das súas vertentes o cooperativismo e a economía social.

As distintas subvencións establecidas nesta orde intégranse dentro das accións que a Consellería de Economía, Emprego e Industria pretende levar a cabo para conseguir un adecuado desenvolvemento en materia de economía social, no que respecta ao fomento do emprego e mellora da competitividade nas cooperativas e sociedades laborais, de xeito que redunde en beneficio e mellora do eido económico e sociolaboral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta orde reflicte tamén a especial preocupación pola necesidade de incrementar o nivel de emprego da mocidade galega, elemento esencial de cara a conseguir unha adecuada inclusión social a longo prazo.

Co obxectivo de loitar contra o desemprego xuvenil, o Consello da Unión Europea adoptou o 22 de abril de 2013 unha Recomendación sobre o establecemento da garantía xuvenil, que insta os Estados membros a establecer un sistema para que os mozos e mozas que non traballan, nin estudan, nin seguen formación ningunha reciban unha boa oferta de emprego, educación continua, formación de aprendiz ou período de prácticas.

Esta recomendación concretouse en España a través do Plan nacional de implantación da garantía xuvenil e a Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, que prevén un catálogo de medidas



axustadas aos distintos perfís de posibles beneficiarios do Sistema nacional de garantía xuvenil ao redor de catro eixes principais, entre os cales se encontra o de fomento do emprendemento.

Deste xeito, o programa de fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais establece subvencións orientadas a facilitar a incorporación das persoas desempregadas ou traballadoras temporais como socios e socias traballadores e traballadoras ou de traballo nas cooperativas ou sociedades laborais galegas, ao considerar as distintas fórmulas de autoemprego colectivo como medidas eficaces para a xeración de emprego, mobilización de recursos, corrección de desequilibrios comarcais e fixación de man de obra produtiva, establecendo vínculos de interese mutuo entre a poboación e o seu propio territorio.

Adicionalmente, o programa de fomento de acceso á condición de persoa socia prevé subvencións dirixidas ás persoas desempregadas para promover a súa incorporación a empresas de economía social, facilitando a realización da contribución económica ao capital social que resulta precisa para o bo fin do proxecto de emprendemento. Igualmente, prevé como posibles beneficiarias as persoas asalariadas, socias a proba ou socias a tempo parcial destas empresas, co obxectivo de conseguir a consolidación dos seus empregos e a plena integración na empresa.

No tocante ás persoas mozas, esta orde aborda un tratamento singular da súa situación a través de dúas medidas. Por unha banda, fomentando o autoemprego colectivo de mozos e mozas desempregadas con idades comprendidas entre 16 e 29 anos e inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, mediante a súa incorporación a cooperativas e sociedades laborais. Por outra banda, promovendo a creación e consolidación de cooperativas xuvenís (as constituídas maioritariamente por mozos ou mozas de entre 16 e 29 anos) a través de incrementos significativos das contías recollidas noutros programas que lles afectan.

O programa de impulso de proxectos empresariais colectivos pon á disposición das persoas emprendedoras os recursos precisos para a posta en marcha dos proxectos.

Estas actividades de fomento complementáanse con servizos de formación, asesoramento, acompañamento e titorización, cos cales se pretende asegurar o bo fin dos proxectos emprendidos. Con esta finalidade, a Secretaría Xeral de Emprego, a través da rede Eusumo, pon á disposición das persoas desempregadas e demais emprendedores/as os recursos necesarios para a posta en marcha dos proxectos, desde antes da súa consti-



tución formal ata unha vez iniciada a actividade, servizo que se considera especialmente importante nas cooperativas de nova creación.

Respecto dos programas financiados co Programa operativo de emprego xuvenil, cómpre sinalar que se establece un procedemento de concesión que non ten a consideración de concorrencia competitiva, de xeito que non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión das axudas se realiza pola comprobación da concorrencia na persoa ou entidade solicitante dos requisitos establecidos ata o esgotamento do crédito orzamentario. Este réxime de concesión vén xustificado na finalidade e obxecto dos programas, por considerar que pode contribuír mellor á consecución dos resultados desexados, tendo en conta, entre outros factores, o colectivo específico a que se dirixe, a previsión de que o crédito dispoñible será suficiente para atender todas as solicitudes, a maior axilidade na tramitación que comporta, a maior seguridade que supón para as persoas ou entidades solicitantes e, por riba de todas estas consideracións, os sistemas alternativos que se prevén como garantía de calidade dos proxectos subvencionados, como son a análise previa de viabilidade e a posta á disposición dos grupos promotores dos programas de formación, asesoramento, acompañamento e titorización anteriormente mencionados.

Finalmente, recupérase o programa de intercooperación e integración cooperativa, que promove os procesos de concentración entre empresas de economía social e a posta en marcha de proxectos de colaboración empresarial ao redor de dous eixes: a configuración de proxectos de integración e a colaboración empresarial en proxectos de I+D+i, comercialización e internacionalización.

Prevese o financiamento dos distintos programas con cargo aos fondos seguintes:

– Fondos finalistas, cando se trate de accións elixibles de acordo co Plan anual de política de emprego (PAPE).

– Programa operativo do Fondo Social Europeo para o período 2014-2020, cofinanciado polo dito fondo nun 80 %, no seu obxectivo temático 08: «Promover a sustentabilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade laboral», prioridade de investimento 08.03: «O traballo por conta propia, o espírito emprendedor e a creación de empresas, incluídas as microempresas e as pequenas e medianas empresas innovadoras», Obxectivo específico 8.3.1: «Aumentar as competencias emprendedoras e incrementar o número de empresas e iniciativas de traballo por conta propia sustentables creadas, facilitando o seu

CVE-DOG: rjxozzm4-wqk6-jxv3-bp39-1rvkk8h3vjf8



financiamento mellorando a calidade e a eficiencia dos servizos de apoio e consolidación» e categoría de intervención 104.

– Programa operativo de emprego xuvenil, cofinanciado nun 91,89 % polo Fondo Social Europeo e a Iniciativa de emprego xuvenil, no seu eixe 5, prioridade de investimento 8.2: «Integración sustentable no mercado de traballo dos mozos, en particular aqueles que se encontren sen emprego e que non estean estudando nin formándose, incluíndo aqueles en risco de excusión social e mozos de comunidades marxinadas», actuación 8.2.3.4: «Medidas para favorecer o autoemprego e o emprendemento colectivo no marco da economía social» e categoría de intervención 103.

Neste marco de actuación, as bases reguladoras axústanse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en especial, no relativo aos principios de transparencia, eficacia e eficiencia na xestión, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Por todo o exposto, consultados o Consello Galego de Cooperativas e o Consello Galego de Relacións Laborais e de conformidade coas atribucións que teño conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e a convocatoria das subvencións establecidas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria coa finalidade de fomentar a incorporación de persoas desempregadas e persoas traballadoras temporais a cooperativas e sociedades laborais e apoiar o desenvolvemento de proxectos de emprendemento colectivo en empresas de economía social.

2. Establécense os seguintes programas de axudas:

a) Programa I: fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais (procedemento TR802G).



- b) Programa II: fomento do acceso á condición de persoa socia (procedemento TR802J).
- c) Programa III: fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais para persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil (procedemento TR807G).
- d) Programa IV: fomento do emprendemento colectivo, para persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil (procedemento TR807H).
- e) Programa V: impulso de proxectos empresariais colectivos (procedemento TR807D).
- f) Programa VI: intercooperación e integración cooperativa (procedemento TR807F).

## Artigo 2. *Normativa aplicable*

1. As solicitudes, a súa tramitación e resolución axustaranse ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Para as subvencións cofinanciadas polo Fondo Social Europeo serán de aplicación: o Regulamento (CE) 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Social Europeo, e o Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello, así como a normativa estatal de subvencionabilidade dos gastos para o período 2014-2020.

## Artigo 3. *Principios de xestión*

A xestión destes programas de subvencións realizarase de conformidade coa Lei 9/2007, do 13 de xuño, de acordo cos seguintes principios:

- 1. Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.



2. Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados.
3. Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

#### Artigo 4. *Financiamento*

1. A concesión das subvencións previstas nos programas desta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario e realizarase con cargo ás seguintes aplicacións da Secretaría Xeral de Emprego:

– Programa I: aplicación 9.40.324C.470.0, cofinanciada con cargo ao programa operativo do Fondo Social Europeo 2014-2020 nun 80 %.

– Programa II: aplicación 9.40.324C.470.1, financiada con fondos finalistas do Estado por tratarse de accións elixibles de acordo co Plan anual de política de emprego (PAPE).

– Programas III e IV: aplicación 9.40.324C.471.0, cofinanciada con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil nunha porcentaxe do 91,89 %.

– Programa V: aplicación 9.40.324C.470.2, financiada con fondos finalistas do Estado por tratarse de accións elixibles de acordo co Plan anual de política de emprego (PAPE).

– Programa VI: aplicación 9.40.324C.472.2, financiada con fondos finalistas do Estado por tratarse de accións elixibles de acordo co Plan anual de política de emprego (PAPE).

2. A distribución inicial de créditos fixarase para cada un dos programas recollidos no artigo 1 en cada convocatoria de subvencións.

3. De producirse remanentes de crédito nalgún dos ditos programas, procederase á reasignación das contías sobrantes entre os restantes sempre que estean financiados con cargo ao mesmo tipo de fondos.

4. Estes importes poderán verse modificados ou incrementados con fondos comunitarios, da Comunidade Autónoma de Galicia ou da Administración do Estado como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás subvencións cofinanciadas polos fondos europeos, todo iso de acordo co artigo 30 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



## Artigo 5. *Definicións*

### 1. Para os efectos desta orde entenderase por:

a) Persoa desempregada: aquela que careza de ocupación segundo o informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Esta circunstancia verificará de oficio o órgano xestor, e deixará constancia no expediente, agás que a persoa interesada non autorice a súa comprobación, caso en que deberá achegar a documentación que se sinala en cada programa.

b) Persoa inscrita como demandante de emprego: aquela que figure inscrita como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego. Esta circunstancia verificará de oficio o órgano xestor, e deixará constancia no expediente, agás que a persoa interesada non autorice a súa comprobación, caso en que deberá achegar a documentación que se sinala en cada programa.

c) Persoa desempregada de longa duración: aquela que na data da súa incorporación estea sen traballo e acredite un período de inscrición como demandante de emprego de polo menos 12 meses nos últimos dezoito. Esta circunstancia verificará de oficio o órgano xestor, e deixará constancia no expediente, agás que a persoa interesada non autorice a súa comprobación, caso en que deberá achegar a documentación que se sinala en cada programa.

d) Persoa con discapacidade: aquela que teña recoñecido pola Administración competente un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %.

De acordo co disposto no artigo 4 do texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, considerarase que presentan unha discapacidade igual ou superior ao 33 % as persoas pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou grande invalidez e as persoas pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión por xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade. Nestes supostos, a acreditación do grao de discapacidade realizarase conforme o previsto no Real decreto 1414/2006, do 1 de decembro, polo que se determina a consideración de persoa con discapacidade para os efectos da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade (BOE nº 300, do 16 de decembro).



A comprobación da condición de persoa con discapacidade realizaraa directamente o órgano xestor das axudas logo de autorización da persoa interesada; no caso de non prestar autorización ou que fose recoñecida por outra Administración distinta da propia da Comunidade Autónoma de Galicia, deberá presentar a documentación acreditativa da discapacidade.

e) Persoa en situación ou risco de exclusión social: aquela en que conorra a ausencia ou déficit grave de recursos económicos e a situación de desemprego, así como algún dos factores de exclusión social recollidos no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

Esta circunstancia acreditarase mediante certificado emitido polos servizos sociais xustificativo de ser persoa perceptora da renda de inclusión social de Galicia ou da situación social sinalada no parágrafo anterior.

f) Persoa moza inscrita no Sistema nacional de garantía xuvenil: aquela moza ou mozo desempregado que, cumprindo o requisito da idade, estea inscrito no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, así como aquela persoa moza que, superando a idade exixida, non sexa atendida previamente, de acordo co disposto no artigo 101.4 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

Ademais, en coherencia co disposto no artigo 105.1 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, deberán manter o cumprimento do requisito de non ter traballado nos trinta días naturais anteriores á data da incorporación obxecto de subvención.

Estas circunstancias serán comprobadas de oficio polo órgano instrutor e a súa acreditación será incorporada ao expediente.

g) Cooperativa: sociedade cooperativa galega inscrita no Rexistro de Cooperativas de Galicia dependente da Xunta de Galicia. Esta circunstancia verificaraa de oficio a Administración e deixará constancia no expediente.

h) Sociedade laboral: sociedade inscrita no Rexistro de Sociedades Laborais dependente da Xunta de Galicia e no Rexistro Mercantil. Esta circunstancia verificaraa de oficio a Administración e deixará constancia no expediente.



i) Cooperativa xuvenil: aquela cooperativa que na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes estea formada maioritariamente por persoas socias traballadoras con idades comprendidas entre 16 e 29 anos, agás no caso de que sexan persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento, caso en que a idade máxima será de 35 anos.

j) Cooperativa de nova creación: aquela que non supere os corenta e dous meses de actividade, contados ininterrompidamente desde a data de alta no imposto de actividades económicas ata a finalización do prazo de presentación de solicitudes.

k) Data de incorporación á cooperativa ou sociedade laboral con carácter indefinido: en xeral, é a data de alta ou variación de datos no correspondente réxime de traballadores por conta allea da Seguridade Social, ou a data solicitada para a alta no réxime de traballadores autónomos ou en mutualidade de colexio profesional. Esta data será a que figura recollida no documento de alta do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, así como nos informes de vida laboral. Excepcionalmente, nos casos en que a incorporación con carácter indefinido se refira a unha persoa que tiña previamente a condición de asalariada ou socia a proba da cooperativa ou sociedade laboral, e non se produza alta ou variación de datos, a data de incorporación será aquela na que a persoa socia cumpra todos os requisitos legais e estatutarios para acceder a tal condición, incluída a achega mínima obrigatoria ao capital social e a cota de ingreso, se é o caso. Esta circunstancia acreditarase mediante certificado emitido polo órgano competente da cooperativa ou sociedade laboral comprensivo do importe das achegas e cotas de ingreso, se é o caso, subscritas e desembolsadas para adquirir a condición de socio ou socia, así como certificación bancaria do seu pagamento en que conste claramente a persoa emisora e receptora, o concepto do gasto e a data na que se fixo efectivo.

l) Data de inicio da actividade laboral por conta propia: data solicitada para a alta como autónomo/a no correspondente réxime da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional. Esta data será a que figura recollida no documento de alta do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, así como nos informes de vida laboral.

m) Concello rural: concello que en función do seu grao de urbanización é considerado como zona pouco poboada (ZPP) por contar cunha densidade non superior a 100 habitantes/km<sup>2</sup>, non ter unha poboación total superior a 50.000 habitantes e non ser adxacente a una zona poboada densamente, segundo a clasificación publicada polo Instituto Galego de Estatística. Os concellos rurais segundo a clasificación vixente son os sinalados no anexo XIX.



n) Concello de máis de 10.000 e menos de 20.000 habitantes ou concello de 10.000 habitantes ou menos: aquel que conte coa respectiva cifra de poboación tomando como referencia as cifras de poboación referidas ao 1 de xaneiro de 2014 resultantes da revisión do padrón municipal, publicadas polo Instituto Nacional de Estatística e declaradas oficiais mediante o Real decreto 1007/2014, do 5 de decembro (BOE nº 308, do 22 de decembro).

#### Artigo 6. *Persoas e entidades beneficiarias*

1. Poderanse acoller ás subvencións recollidas nesta orde, sempre que cumpran as condicións e os requisitos establecidos no correspondente programa de axudas:

a) As cooperativas e sociedades laborais para as actuacións previstas nos programas I, III, V e VI.

b) As persoas desempregadas, socias ou traballadoras de cooperativas ou sociedades laborais ou doutras empresas que se transformen nestas, para as actuacións previstas no programa II.

c) As persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, para as actuacións previstas no programa IV.

2. Con carácter xeral, as persoas e entidades beneficiarias deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.

b) Estar ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social.

c) Non ter sido sancionadas mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións.

d) Non estar incursas nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e reunir os restantes requisitos previstos nesta.

e) As cooperativas e sociedades laborais deberán estar ao día no cumprimento das súas obrigas legais referidas ao depósito de documentos e inscrición de acordos sociais nos rexistros competentes.



### Artigo 7. *Subvencións baixo condicións de minimis*

Os incentivos establecidos nesta orde quedan sometidos ao réxime de axudas *de minimis*, polo que non poderán exceder os límites cuantitativos establecidos nos seguintes regulamentos, segundo proceda:

1. Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013). Nos termos desta normativa, a axuda total *de minimis* concedida a unha única empresa non excederá os 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais. Cando se trate dunha única empresa que realice por conta allea operacións de transporte de mercadorías por estrada, o importe total das axudas *de minimis* concedidas non excederá os 100.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais, sen que estas axudas se poidan utilizar para a adquisición de vehículos de transporte de mercadorías por estrada.

2. Regulamento (UE) nº 1408/2013, da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector agrícola (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013). Nos termos desta normativa, a axuda total *de minimis* concedida a unha única empresa non excederá os 15.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais.

3. Regulamento (UE) nº 717/2014, da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, do 28 de xuño de 2014). Nos termos desta normativa, a axuda total *de minimis* concedida a unha única empresa non excederá os 30.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais.

## CAPÍTULO II

### Normas comúns, solicitudes, documentación e procedemento

#### Artigo 8. *Solicitudes*

1. As solicitudes de subvención deberán presentarse por separado para cada un dos programas desta orde, nos modelos de solicitude que figuran como anexos, xunto coa documentación citada nesta orde, e dirixiranse ao órgano competente para resolver.



2. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.es/chave365>).

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia. En caso de enviarse por correo, o envío deberá ser certificado, co selo de correos na primeira folia do formulario para garantir que a data de remisión é anterior á de peche da convocatoria.

Os formularios de solicitude tamén poderán ser obtidos, cubertos e validados pola persoa ou entidade solicitante a través da aplicación informática á cal se poderá acceder igualmente a través da páxina web da Consellería de Economía, Emprego e Industria, Portal de Traballo (<http://emprego.ceei.xunta.gal>). As solicitudes obtidas a través desta aplicación informática deberán presentarse en soporte papel por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

3. A documentación complementaria poderase presentar electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro.

A documentación complementaria tamén poderá presentarse en formato papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que son auténticas.

4. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica por parte da persoa solicitante ou representante superase os tamaños límites establecidos



pola sede electrónica, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos.

Para iso, e xunto co documento que se presenta, a persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro. Na sede electrónica da Xunta de Galicia publicarase a relación de formatos, protocolos e tamaño máximo admitido da documentación complementaria para cada procedemento.

5. Na sede electrónica encóntranse publicados os formatos admitidos para a presentación de documentación. Se a persoa ou entidade solicitante desexa presentar calquera documentación en formatos non admitidos, poderá realizalo de forma presencial a través de calquera dos rexistros habilitados. A persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

6. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, a persoa interesada ou representante deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

7. As persoas ou entidades que soliciten axuda para máis dun programa dos previstos nesta orde unicamente deberán xuntar un exemplar da documentación que resulte coincidente coa primeira das solicitudes presentadas, facendo constar tal circunstancia nas posteriores.

8. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

#### Artigo 9. *Emenda das solicitudes*

As unidades administrativas receptoras remitirán as solicitudes recibidas á unidade administrativa encargada da instrución do expediente para que comprobe se a solicitude ou documentación presentada reúne os requisitos exixidos nesta orde e, no suposto de que se observe algún defecto ou sexa incompleta a documentación, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, requirirán a interesada para que nun prazo de 10 días hábiles emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa



advertencia de que, se así non o fixer, se considerará a persoa ou entidade interesada desistida da súa petición, logo da resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

Nos programas I, II, III e IV deberá analizarse a viabilidade do proxecto empresarial ou plan de empresa con base na documentación presentada e, no caso de apreciarse que non resulta viable, o órgano instrutor propondrá a desestimación da solicitude por esta causa.

Esta fase completárase incorporando ao expediente a información rexistral da entidade solicitante segundo a documentación que consta na Secretaría Xeral de Emprego, así como as certificacións indicadas no artigo 10.3 desta orde.

#### Artigo 10. *Consentimentos e autorizacións*

1. A tramitación do procedemento require a incorporación de datos en poder das administracións públicas. Polo tanto, os modelos de solicitude incluírán autorizacións expresas ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non sexa autorizado o órgano xestor para realizar esta operación, deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos, nos termos exixidos polas normas reguladoras do procedemento.

2. As persoas interesadas deberán achegar xunto coas solicitudes os documentos ou informacións previstos nesta norma, salvo que estes xa estivesen en poder da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido no artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á persoa solicitante ou representante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

3. A presentación da solicitude de concesión de subvención pola persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Atriga, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de



xuño. Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento, caso en que deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

4. De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das subvencións concedidas. Incluirá, igualmente, nos correspondentes rexistros públicos as sancións que, como consecuencia delas, puidesen imporse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

5. No suposto de que a subvención estea cofinanciada polo Fondo Social Europeo, na resolución de concesión informaráselle á persoa ou entidade beneficiaria que a aceptación da subvención comunitaria implicará a súa aparición na lista pública cos nomes dos ou das beneficiarias, así como a outra información recollida no anexo XII en relación co artigo 115.2 do Regulamento (UE) 1303/2013.

6. As persoas interesadas teñen dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas na letra d) do número 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

7. De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación de solicitudes, serán incluídas nun ficheiro denominado Relacións administrativas coa cidadanía e entidades, cuxa finalidade e usos é a xestión das relacións administrativas cos cidadáns, entre elas, procedementos administrativos, rexistros, portelo electrónico 24x7, axudas, subvencións; e a xestión das relacións administrativas con entidades sen ánimo de lucro que manteñan relación coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, como responsable do ficheiro, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña), ou a través dun correo electrónico a [lop.d.industria@xunta.gal](mailto:lop.d.industria@xunta.gal).



Así mesmo, os datos persoais referidos no parágrafo anterior tamén serán incluídos nun ficheiro denominado Xestión, seguimento e control de proxectos e fondos europeos, cuxa finalidade e usos previstos son: a xestión, seguimento, control, coordinación e estudo da execución e avaliación dos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europea; a xestión e tramitación ante a Administración xeral do Estado e ante a Unión Europea dos reembolsos dos programas operativos; a realización, coordinación e análise das avaliacións exixidas polos regulamentos comunitarios; accións informativas e de actividades dirixidas á cidadanía. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos, como responsable do ficheiro, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo de San Caetano, San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

#### Artigo 11. *Instrución do procedemento*

1. O órgano instrutor dos expedientes para os programas I, II, III e IV será o Servizo de Emprego e Economía Social da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria competente por razón do territorio.

O órgano instrutor dos expedientes relativos aos programas V e VI será a Subdirección Xeral de Economía Social da Secretaría Xeral de Emprego.

2. A concesión das subvencións dos programas I, II, V e VI realizarase en réxime de concorrencia competitiva, nos termos previstos no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, polo que os expedientes pasarán para o seu exame á comisión de avaliación, que aplicará os criterios de valoración sinalados nas bases reguladoras.

A comisión de avaliación das solicitudes presentadas estará formada polos seguintes membros: a persoa titular da Subdirección Xeral de Economía Social, que a presidirá, a persoa titular da xefatura do Servizo de Cooperativas e Economía Social, as persoas titulares dos servizos de Emprego e Economía Social das xefaturas territoriais da consellería e unha persoa funcionaria designada pola persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego, que actuará como secretaria.

Se por calquera causa, no momento en que a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas que a compoñen non puidese asistir, será substituída pola persoa funcionaria que para o efecto designe a persoa titular da Secretaría Xeral.



Esta comisión poderá adoptar validamente os seus acordos sempre que asistan a ela o presidente ou presidenta, ou persoa en quen delegue, un ou unha vogal e o secretario ou secretaria.

A comisión de valoración levantará a acta en que conste a valoración efectuada e trasladaralla ao órgano instrutor, quen formulará proposta de resolución.

3. A concesión das subvencións dos programas III e IV axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento. A concesión destas subvencións estará, en todo caso, condicionada á existencia de crédito orzamentario e, no caso de esgotamento do crédito, a Secretaría Xeral de Emprego publicará no *Diario Oficial de Galicia* a indicada circunstancia, o que suporá a non admisión das solicitudes posteriores, sen prexuízo de que se poida incrementar o crédito orzamentario nos supostos previstos no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### Artigo 12. *Criterios obxectivos de concesión*

1. Os criterios de valoración das solicitudes para os programas de axudas I, II, V e VI serán os recollidos nos artigos 26, 33, 52 e 59 desta orde. Como resultado da aplicación dos criterios de valoración obterase unha relación ordenada de todas as solicitudes que cumpren coas condicións administrativas e técnicas establecidas nas bases reguladoras para adquirir a condición de beneficiario ou beneficiaria, con indicación da puntuación outorgada a cada unha delas.

2. En caso de empate de puntos de baremación entre as solicitudes establécense os seguintes criterios de desempate:

a) En primeiro lugar, terán prioridade as solicitudes que obtivesen maior puntuación no primeiro dos criterios de avaliación, segundo a orde de aparición en que figuran na base reguladora. De persistir o empate, terán prioridade as solicitudes que obtivesen maior puntuación no segundo dos criterios de avaliación e así sucesivamente.

b) De persistir o empate, terase en conta a data de rexistro de entrada da solicitude e terán prioridade as solicitudes presentadas con anterioridade.



3. O órgano concedente asignará o crédito dispoñible na convocatoria por orde, segundo a listaxe a que se refiren os puntos anteriores, comezando polas solicitudes que obtivesen a puntuación máis alta e ata o esgotamento do crédito dispoñible.

4. No suposto de ampliación do crédito, sexa por incremento da dotación ou por redistribución do crédito remanente doutros programas, e ata o límite do crédito dispoñible, o órgano concedente acordará, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención á solicitude ou solicitudes seguintes na orde de puntuación.

### Artigo 13. *Resolución e recursos*

1. A competencia para resolver as solicitudes corresponderalle aos seguintes órganos, por delegación da persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria:

a) Para os programas I, II, III e IV, á xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria competente por razón do territorio.

b) Para os programas V e VI, á Secretaría Xeral de Emprego.

2. O prazo para resolver e notificar, para os programas I, II, V e VI, será de tres meses desde a data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e, para os programas III e IV, será de dous meses desde a presentación da solicitude. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, a solicitude entenderase desestimada de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e nos artigos 1 e 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Unha vez notificada a resolución definitiva, as persoas ou entidades beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación; transcorrido este sen que se produciase manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada, segundo o artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada. Todo o anterior de conformidade co disposto na Lei 30/1992, do



26 de novembro e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

5. De ser o caso, na notificación da resolución da subvención comunicaráselle ao beneficiario o financiamento con cargo ao Fondo Social Europeo e á Iniciativa de Emprego Xuvenil, con concreción do eixe, obxectivo temático, prioridade de investimento e porcentaxe de cofinanciamento de que se trate. Igualmente, recolleranse as condicións da axuda derivadas da aceptación da subvención a que quedan sometidas as persoas beneficiarias, en especial os requisitos relativos aos produtos ou servizos que deban obterse con ela, o plan financeiro e o calendario de execución.

#### Artigo 14. *Modificación da resolución de concesión*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión seguindo o principio de proporcionalidade a que se refire o artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### Artigo 15. *Xustificación e pagamento*

1. O pagamento das subvencións quedará condicionado á presentación dunha solicitude de pagamento conforme o modelo do anexo VI, IX, XII, XIV, XVI ou XVIII, segundo o programa do que se trate, xunto coa documentación xustificativa que corresponda relacionada nos artigos 27, 34, 40, 46, 53 ou 60 desta orde en función do programa de que se trate.

2. A beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente, segundo o programa de que se trate de acordo co previsto no artigo 13, a solicitude de pagamento e a documentación xustificativa da subvención no prazo fixado na resolución de concesión e cumprindo co recollido nos artigos 28 e 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

3. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen ter presentado esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá a beneficiaria para que no prazo improrrogable de 10 días a presente. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste parágrafo comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.



4. A documentación exixida para a fase de pagamento poderá presentarse xunto coa solicitude de subvención á opción da persoa ou entidade interesada. Neste suposto poderán tramitarse conxuntamente a concesión e o pagamento da subvención.

5. Cando concorran varias subvencións ao abeiro desta orde só será necesario presentar unha vez a documentación coincidente, e faranse constar os procedementos a que se refire.

6. En todo caso, a forma de xustificación deberá aterse ao previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Para estes efectos considerárase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación sinalado na convocatoria, e sempre que se xustifique o pagamento mediante documentos bancarios, nos cales deberán quedar claramente identificadas as persoas ou entidades receptoras e as emisoras dos pagamentos (que deberán coincidir coas beneficiarias da axuda), así como o concepto destes. As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento que regula as obrigas de facturación. Non se admitirán pagamentos en efectivo.

7. A determinación dos gastos subvencionables realizarase conforme co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e que se realicen no prazo establecido nesta orde. En ningún caso o custo de adquisición dos bens ou servizos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

En todo caso, para os gastos financiados co Fondo Social Europeo respectarase as condicións das normas de subvencionabilidade ditas para o período 2014-2020.

8. As unidades administrativas responsables da instrución de cada programa analizarán a documentación xustificativa acreditativa da realización da actividade obxecto da subvención e emitirán unha proposta de pagamento, que se elevará ao órgano competente para resolver, que será tamén o órgano competente para ordenar o pagamento.

9. O pagamento efectuarase de forma nominativa e pagamento único, pola súa totalidade, a favor das persoas ou entidades beneficiarias e logo da acreditación dos gastos e pagos realizados ata o tope máximo da contía inicialmente concedida como subvención.



10. Se da documentación presentada pola beneficiaria queda xustificada unha contía inferior á da subvención inicialmente concedida, o pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada.

11. En ningún caso poderá realizarse o pagamento da subvención mentres a beneficiaria non figure ao día do cumprimento das súas obrigas tributarias –estatais e autonómicas– e da Seguridade Social, sexa debedora en virtude de resolución declarativa da procedencia de reintegro ou teña algunha débeda pendente, por calquera concepto, coa Administración da Comunidade Autónoma.

12. A Consellería de Economía, Emprego e Industria poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nos diferentes programas desta orde, agás aquela que, de acordo co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, xa estea en poder da administración actuante.

#### Artigo 16. *Réxime de compatibilidades e concorrencia*

1. As subvencións dos programas I e II desta orde serán incompatibles cos dos programas III e IV, respectivamente.

O resto das subvencións previstas nesta orde serán compatibles entre si. Porén, non se poderán imputar os mesmos gastos aos distintos tipos de subvención previstos nesta orde.

O importe máximo das subvencións para cada finalidade deberá respectar os límites que se establecen nas bases reguladoras, e en ningún caso o importe das subvencións concedidas poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vaia desenvolver a persoa ou entidade beneficiaria.

2. As subvencións para o fomento do acceso á condición de persoa socia previstas no programa II resultarán compatibles coa percepción da prestación contributiva por desemprego na súa modalidade de pagamento único, así como coas bonificacións de cotas á Seguridade Social que se establezan na normativa estatal.

3. As subvencións establecidas nos programas I, II, III e IV desta orde serán incompatibles coas subvencións establecidas nos diferentes programas dirixidos ao apoio a iniciativas de emprego ou á promoción do emprego autónomo.



**Artigo 17. Obrigas das persoas e entidades beneficiarias**

1. Son obrigas das persoas e entidades beneficiarias das subvencións as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, en especial as seguintes:

a) Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

b) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

c) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á beneficiaria en cada caso, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

d) Adoptar as medidas adecuadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

e) Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Economía, Emprego e Industria, ás verificacións que poidan realizar os organismos implicados na xestión ou seguimento do FSE, que incorporarán as correspondentes visitas sobre o terreo, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

2. As persoas ou entidades beneficiarias destas subvencións deberán cumprir, ademais, as obrigas específicas previstas en cada programa, nos artigos 28, 35, 41, 47, 54 e 61 desta orde.



Artigo 18. *Obrigas derivadas do cofinanciamento polo Fondo Social Europeo e a Iniciativa de emprego xuvenil*

Coa finalidade de efectuar un seguimento adecuado da execución dos proxectos cofinanciados polo FSE e a Iniciativa de emprego xuvenil, ao abeiro do Programa operativo do Fondo Social Europeo e do Programa operativo de emprego xuvenil do período 2014-2020, a entidade promotora deberá someterse, segundo a normativa europea que resulte de aplicación, ao cumprimento das seguintes obrigas:

a) Relacionadas coas medidas de información e publicidade:

– Cumprir coas medidas de información e comunicación establecidas no anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013, do 17 de decembro de 2013. En particular, as accións de información e comunicación contarán co emblema da Unión Europea e a referencia ao Fondo Social Europeo e nos lugares de realización da actuación informarase do apoio dos fondos a través dun cartel dun tamaño mínimo A3 nun lugar destacado e visible. Tamén se informará na páxina web, no caso de dispor dela, sobre o proxecto e a axuda financeira recibida da Unión Europea e sobre os obxectivos e resultados da operación financiada.

– Así mesmo, as entidades beneficiarias dos programas I e III informarán por escrito as persoas destinatarias de que as actuacións en que participan están financiadas pola Xunta de Galicia (Consellería de Economía, Emprego e Industria), polo FSE e, no caso do programa III, pola Iniciativa de emprego xuvenil, así como dos obxectivos dos fondos, e deberán figurar os emblemas na documentación xerada con esta finalidade.

Pódense consultar as normas sobre información e comunicación das intervencións cofinanciadas polos fondos estruturais no período 2014-2020 na páxina web:

<http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/informacion-e-comunicacion-2014-2020>.

b) Relacionadas coas verificacións administrativas e sobre o terreo, sen prexuízo da obriga de xustificación das subvencións percibidas nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e nesta orde:

– Levar un sistema de contabilidade separada ou código contable adecuado en relación con todos os gastos subvencionados.



– Manter unha pista de auditoría suficiente e conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, durante os tres anos seguintes á certificación dos gastos á Comisión Europea, de conformidade co artigo 140.1 do Regulamento (UE) 1303/2013, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. A data de certificación dos gastos á Comisión Europea será publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

c) Realizar as actuacións precisas para recoller información suficiente relativa ao desenvolvemento das actuacións, que permita dar cumprimento aos requisitos de información a través de indicadores de execución e resultados enumerados no artigo 5 do Regulamento (CE) nº 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo.

Os indicadores de execución refírense á data inmediatamente anterior ao inicio da vinculación da persoa participante coas actuacións subvencionadas, mentres que os indicadores de resultado inmediato se refíren ao día inmediatamente posterior á finalización da súa vinculación coa operación. Así mesmo, a Administración poderá requirir novos datos no prazo de seis meses desde que finalice a vinculación do participante coa actividade cofinanciada, coa finalidade de formalizar os indicadores de resultado a longo prazo descritos no antedito regulamento. Enténdese que finaliza a vinculación coa operación cando se cumpre o período de mantemento de obrigas (mantemento de actividade, forma xurídica e/ou emprego) a que se refire cada programa.

#### Artigo 19. *Reintegro e perda do dereito ao cobramento da subvención*

1. Procederá a perda do dereito ao cobramento das subvencións, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora, nos casos e nos termos previstos nos artigos 32 e 33 da citada Lei 9/2007 e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

2. De acordo co artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se minorará ou reintegrará serán os seguintes:

a) O incumprimento total dos fins para os cales se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou do deber de xustificación, así como o incumprimento da obriga establecida no artigo 17.1.e), dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, de ser o caso, ao reintegro da totalidade da subvención concedida.



b) O incumprimento das obrigas establecidas nos artigos 17.1.c) e d) e 18 dará lugar a un reintegro dun 2 % da axuda concedida.

c) O incumprimento da obriga establecida no artigo 17.1.b) dará lugar ao seguinte reintegro da axuda concedida:

i. Para o caso de subvencións incompatibles con outras axudas:

a. No caso de incumprimento da obriga de comunicarlle ao órgano concedente a solicitude doutras axudas, procederá o reintegro do 10 % do importe da subvención percibida.

b. No caso de incumprimento da obriga de comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras axudas, procederá o reintegro do 100 % do importe subvención percibida máis os xuros de demora, sen prexuízo de sancións que puidesen corresponder.

ii. Para o caso de subvencións compatibles:

a. No caso de incumprimento da obriga de comunicarlle ao órgano concedente a solicitude doutras axudas, procederá o reintegro do 5 % do importe da subvención percibida.

b. No caso de incumprimento da obriga de comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras axudas, procederá o reintegro do exceso percibido máis os xuros de demora, sen prexuízo de sancións que puidesen corresponder.

d) No caso de que a entidade beneficiaria incumpra a obriga establecida nos artigos 28.2 ou 41.2 desta orde, por cada incorporación subvencionada e non substituída conforme o establecido nos ditos artigos procederá o reintegro nos seguintes termos:

i. Se non se efectúa a substitución e a persoa socia traballadora ou de traballo estivo menos de 12 meses de alta na cooperativa ou sociedade laboral, procederá o reintegro total da axuda concedida pola dita persoa.

ii. Se non se efectúa a substitución e a persoa socia traballadora ou de traballo estivo 12 ou máis meses de alta na cooperativa ou sociedade laboral, procederá o reintegro parcial da axuda concedida pola dita persoa. O cálculo da contía que se debe reintegrar farase do seguinte xeito:

a. Divídese entre vinte e catro meses o importe da subvención concedida pola persoa socia traballadora ou de traballo de que se trate.



b. Calcúlase o número de meses que o posto estivo vacante; para estes efectos computarase o prazo que se concede para proceder á substitución.

c. Multiplícase o importe obtido na operación primeira (a) polo número de meses en que o posto de traballo estivese vacante.

iii. Se se efectuou a substitución dunha persoa socia traballadora ou de traballo a tempo completo por outra a tempo parcial, procederá o reintegro parcial da axuda concedida pola diferenza entre a cantidade percibida e a cantidade que correspondería pola xornada inferior. O cálculo da contía que se debe reintegrar farase do seguinte xeito:

a. Divídese entre vinte e catro meses o importe concedido pola persoa socia traballadora ou de traballo de que se trate.

b. Calcúlase o 50 % deste importe.

c. Multiplícase o resultado obtido na operación segunda (b) polo número de meses que resten desde a nova incorporación ata cumprir os vinte e catro.

e) No caso de que a entidade beneficiaria incumpra a obriga establecida no artigo 41.3 desta orde, por cada incorporación subvencionada e non substituída conforme o establecido no dito artigo procederá o reintegro nos seguintes termos:

i. Se non se efectúa a substitución e a persoa socia traballadora ou de traballo a proba estivo menos de 6 meses de alta na cooperativa, procederá o reintegro total da axuda concedida.

ii. Se non se efectúa a substitución e a persoa socia traballadora ou de traballo a proba estivo 6 ou máis meses de alta na cooperativa, procederá o reintegro parcial da axuda concedida. O cálculo da contía que se debe reintegrar farase do seguinte xeito:

a. Divídese o importe da subvención concedida pola incorporación da persoa socia traballadora ou de traballo a proba de que se trate entre o número de meses subvencionados.

b. Calcúlase o número de meses que o posto estivo vacante; para estes efectos computarase o prazo que se concede para proceder á substitución.



c. Multiplícase o importe obtido na operación primeira (a) polo número de meses en que o posto de traballo estivese vacante.

iii. Se se efectuou a substitución dunha persoa socia traballadora ou de traballo a proba a tempo completo por outra a tempo parcial, procederá o reintegro parcial da axuda concedida pola diferenza entre a cantidade percibida e a cantidade que correspondería pola xornada inferior. O cálculo da contía que se debe reintegrar farase do seguinte xeito:

a. Divídese o importe da subvención concedida pola incorporación da persoa socia traballadora ou de traballo a proba de que se trate entre o número de meses subvencionados.

b. Calcúlase o 50 % deste importe.

c. Multiplícase o resultado obtido na operación segunda (b) polo número de meses que resten desde a nova incorporación ata cumprir o período subvencionado.

f) No caso de que a persoa beneficiaria incumpra a obriga establecida nos artigos 35.1 e 35.2 desta orde procederá o reintegro nos seguintes termos:

i. Se non se efectúa a transmisión da achega e a persoa socia estivo menos de 12 meses de alta na cooperativa ou sociedade laboral, procederá o reintegro total da axuda concedida.

ii. Se non se efectúa a transmisión da achega e a persoa socia estivo 12 ou máis meses de alta na cooperativa ou sociedade laboral, procederá o reintegro parcial da axuda concedida. O cálculo da contía que se debe reintegrar farase do seguinte xeito:

a. Divídese o importe concedido entre vinte e catro meses.

b. Calcúlase o número de meses que faltan para que a obriga quede cumprida.

c. Multiplícase o importe obtido na operación primeira (a) polo número de meses que faltan para que a obriga quede cumprida (b).

iii. No caso de persoas socias traballadoras ou de traballo a tempo completo, se a persoa a que se lle transmite a achega se incorpora a tempo parcial, procederá o reintegro



parcial da axuda concedida pola diferenza entre a cantidade percibida e a cantidade que correspondería pola xornada inferior. O cálculo da contía que se debe reintegrar farase do seguinte xeito:

- a. Divídese entre vinte e catro meses o importe concedido.
- b. Calcúlase o 50 % deste importe.
- c. O resultado anterior multiplícase polo número de meses que resten ata cumprir os trinta e seis.
- g) No caso de que a beneficiaria incumpra a obriga establecida nos artigos 28.1, 41.1, 47.1, 54.1 ou 61.1 desta orde segundo o caso, procederá o reintegro nos seguintes termos:
  - i. Se a obriga se mantivo por un período de menos de 12 meses procederá o reintegro total da axuda concedida.
  - ii. Se a obriga se mantivo por un período de 12 ou máis meses procederá o reintegro parcial da axuda concedida. O cálculo da contía que se debe reintegrar farase do seguinte xeito:
    - a. Divídese entre vinte e catro meses a subvención concedida.
    - b. Calcúlase o número de meses que faltan para que a obriga quede cumprida.
    - c. Multiplícase o importe obtido na operación primeira (a) polo número de meses que faltan para que a obriga quede cumprida (b).
    - h) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os cales se concedeu a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou do deber de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, de ser o caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustifico.
3. A obriga do reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social e na Lei 9/2007, do 13 de xuño.



**Artigo 20. *Devolución voluntaria de subvencións***

1. De acordo co establecido no artigo 64 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as persoas e entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta ES82 2080 0300 8731 1006 3172, en concepto de devolución voluntaria da subvención, indicando expresamente a beneficiaria da subvención e o número de expediente.

2. En todo caso, a beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente memoria explicativa das circunstancias que dan lugar á devolución, con expresión das persoas ou entidades afectadas, datas e calquera outra información relevante en relación coas causas que orixinan a devolución. Así mesmo, deberá conter o detalle dos cálculos efectuados con indicación da contía que se devolve. Á memoria deberase xuntar copia xustificativa do ingreso bancario realizado.

**Artigo 21. *Seguimento e control***

1. Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración, a Consellería de Economía, Emprego e Industria levará a cabo funcións de control, avaliación e seguimento dos programas.

2. Para realizar as ditas funcións poderanse utilizar cantos medios estean á súa disposición para comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados e o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación. Para estes efectos, as persoas e entidades beneficiarias deberán cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

**CAPÍTULO III****Programa I: fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais.****Artigo 22. *Finalidade***

Este programa ten por obxecto establecer incentivos para o fomento da incorporación de persoas desempregadas, de traballadores e traballadoras con carácter temporal e de persoas socias a proba, como persoas socias traballadoras ou de traballo de cooperativas ou sociedades laborais, con carácter indefinido.



**Artigo 23. Entidades beneficiarias e condicións para a obtención do incentivo**

1. Poderán acollerse aos incentivos previstos neste programa as cooperativas e sociedades laborais que incorporen como persoas socias traballadoras ou de traballo, en centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia, as seguintes persoas:

a) Persoas que no momento da incorporación sexan desempregadas inscritas como demandantes de emprego.

b) Persoas que no momento da súa incorporación estean vinculadas á cooperativa ou sociedade laboral por un contrato de traballo temporal.

c) Persoas que no momento da súa incorporación sexan socias a proba da cooperativa a que se incorporan.

A incorporación deberá supor incremento do emprego fixo e do número de persoas socias traballadoras ou de traballo da cooperativa ou sociedade laboral beneficiaria da subvención, respecto á media dos últimos doce meses anteriores á incorporación dos novos socios e socias por quen se percibe a subvención. Para os efectos do incremento do emprego, non se terán en conta os traballadores e traballadoras temporais, nin as persoas socias en situación de proba.

2. A incorporación poderá ser a xornada completa ou a tempo parcial. Cando a dedicación sexa a tempo parcial, deberá comprender como mínimo o 50 % da xornada ordinaria calculada en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, no seu defecto, na xornada ordinaria legal.

3. Non poderá concederse esta subvención cando se trate da incorporación de persoas socias traballadoras ou de traballo que tiveron tal condición na mesma cooperativa ou sociedade laboral, nos dous anos anteriores á súa incorporación como socios ou socias (agás cando fose en situación de proba). Tampouco poderá concederse cando se trate da incorporación de persoas polas cales se obtiveron as subvencións previstas para a incorporación como persoas socias, para a contratación de directores/as ou xerentes/as ou para apoio ás entidades que presten servizos de natureza social e á comunidade, nos últimos cinco anos.

4. As cooperativas e as sociedades laborais deberán acreditar o cumprimento das previsións da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, e da Lei 44/2015, do

CVE-DOG: rjxozm4-wqk6-jxv3-bp39-1rvkk8h3vjf8



14 de outubro, de sociedades laborais, ao respecto dos topes máximos de traballadores ou traballadoras por conta allea.

5. En todo caso, as cooperativas ou sociedades laborais deberán acreditar a viabilidade do seu proxecto empresarial.

#### Artigo 24. *Contía dos incentivos*

1. A subvención prevista no artigo anterior terá as contías que se indican, por cada persoa que se incorpore a xornada completa:

a) 5.500 € con carácter xeral

b) Cando a persoa incorporada sexa unha muller: 7.000 €.

c) No caso de persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social: 10.000 €.

2. As contías sinaladas no punto anterior incrementaranse nas porcentaxes que se sinalan a continuación:

a) Un 15 % no caso de que o centro de traballo ao que se incorpora a persoa socia estea situado nun concello rural.

b) Un 25 % se se trata dunha cooperativa xuvenil, ou un 50 % se esta é de nova creación.

3. Cando a dedicación sexa a tempo parcial, nos termos previstos no artigo 23.2, a contía dos incentivos previstos nos puntos anteriores reducirase ao 50 %.

4. A contía máxima que poderá ser concedida a unha beneficiaria por subvencións con cargo a este programa será de 15.000 euros por persoa incorporada, ata un máximo de 50.000 euros por beneficiaria.

No caso de que a suma das contías que resulten en aplicación dos parágrafos anteriores sexa superior aos 50.000 € atribuirase a cada incorporación a contía que proporcionalmente lle corresponda.



**Artigo 25. Documentación para a solicitude da subvención**

A documentación que deben presentar as cooperativas e sociedades laborais para solicitar a subvención deste programa, de acordo co previsto no artigo 8, é a seguinte:

1. Copia da tarxeta acreditativa do número de identificación fiscal da entidade solicitante, só no caso de denegar expresamente a súa consulta (artigo 10.3 desta orde).

2. Copia do documento nacional de identidade da persoa representante, só no caso de non autorizar expresamente a comprobación de datos (artigo 10.1 desta orde).

3. Documentación que acredite, por calquera medio válido en dereito, a representación con que actúa a persoa que asina a solicitude.

4. Alta no imposto de actividades económicas (IAE) , só no caso de denegar expresamente a súa consulta (artigo 10.3 desta orde) ou, se é caso, alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

5. Memoria técnica e económica do proxecto empresarial ou o plan de empresa, que deberá conter os datos de identificación e descrición do proxecto, os aspectos técnicos de produción e comercialización, a previsión de postos de traballo netos que se van crear, así como unha descrición detallada dos aspectos económicos, técnicos e financeiros que permitan avaliar a viabilidade do proxecto. Esta memoria deberá axustarse ao modelo dispoñible na páxina web da consellería (<http://emprego.ceei.xunta.gal>), na súa epígrafe de axudas e subvencións.

6. Certificación da relación nominal das persoas polas cales se solicita subvención, segundo o modelo do anexo II.

7. Copia do documento nacional de identidade das persoas por quen se solicita subvención, só no caso de non autorizar expresamente a comprobación de datos (artigo 10.1 desta orde) de acordo co modelo do anexo IV.

8. Informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social das persoas por quen se solicita subvención, referido á data de presentación da solicitude, ou ben autorización expresa destas persoas para a comprobación directa polo órgano xestor, de acordo co modelo do anexo IV (artigo 10.1 desta orde).



9. No caso de incorporación de persoas desempregadas de longa duración, certificación emitida polo Servizo Público de Emprego dos períodos de inscrición como demandante de emprego, así como do tempo de permanencia na situación de desemprego, referida á data de incorporación (ou á data de presentación da solicitude, se aínda non tivo lugar a incorporación) das persoas socias traballadoras ou de traballo por quen se solicita subvención, ou ben autorización expresa destas persoas para a comprobación directa polo órgano xestor, de acordo co modelo do anexo IV (artigo 10.1 desta orde).

10. Se é o caso, documentos acreditativos da discapacidade ou da situación ou risco de exclusión social das persoas polas cales se solicita a subvención. No caso de discapacidade, non será necesario se se autoriza a comprobación directa polo órgano xestor, de acordo co modelo do anexo IV (artigo 10.1 desta orde).

11. Se é o caso, certificación do órgano competente da cooperativa acerca da condición de socio a proba das persoas socias traballadoras ou de traballo por quen se solicita subvención, referida á data de incorporación (ou á data de presentación da solicitude, se aínda non tivo lugar a incorporación).

12. No caso de cooperativas xuvenís:

a) Certificación da relación nominal das persoas socias da cooperativa, segundo o modelo do anexo V.

b) Copia do documento nacional de identidade de todas as persoas socias traballadoras da cooperativa con idade comprendida entre 16 e 29 anos (entre 16 e 35 anos, en caso de discapacidade), así como a documentación acreditativa da discapacidade, se é o caso, só no caso de non autorizar expresamente a comprobación de datos (artigo 10.1 desta orde) de acordo co modelo do anexo IV.

c) Calendario laboral da cooperativa ou sociedade laboral e certificación relativa á xornada de traballo asignada ás persoas que se incorporan como socias traballadoras ou de traballo. Pódese obter un modelo na páxina web da consellería (<http://emprego.ceei.xunta.gal>), na súa epígrafe de axudas e subvencións.

#### Artigo 26. *Criterios de avaliación das solicitudes*

A concesión e contía das subvencións, que se realizará en réxime de concorrencia competitiva, realizarase mediante a comparación de todas as solicitudes presentadas, tendo en conta os seguintes criterios:

1. Emprego xerado: 2 puntos por cada persoa incorporada como socia traballadora ou de traballo, ata un máximo de 10 puntos.



2. Contribución á integración de persoas con discapacidade ou en situación de risco ou exclusión social: 5 puntos por cada persoa incorporada na cal concorra algunha destas circunstancias, ata un máximo de 25 puntos.

3. Emprego feminino: 2 puntos por cada muller incorporada, ata un máximo de 10 puntos.

4. Activación para o emprego: 2 puntos por cada persoa incorporada que sexa desempregada de longa duración, ata un máximo de 10 puntos

5. Incidencia na creación e mantemento do emprego no contorno xeográfico en que se desenvolva a actuación: 5 puntos cando a cooperativa ou sociedade laboral teña o domicilio social nun concello que teña máis de 10.000 e menos de 20.000 habitantes, e 10 puntos cando o concello teña 10.000 habitantes ou menos.

6. Actividades desenvolvidas en sectores estratéxicos: 10 puntos no caso de que a cooperativa ou sociedade laboral teña por obxecto unha actividade comprendida nalgún dos sectores seguintes: os relacionados coa economía verde (enerxías renovables, vehículo verde, preservación ambiental), economía da saúde (servizos á terceira idade, servizos á dependencia), economía do coñecemento (TIC, audiovisual e cultura, biotecnoloxía, tecnoloxías mecánicas e robotización) e a economía azul (crecemento sustentable nos sectores mariño e marítimo).

7. Desenvolvemento de proxectos de I+D+i: 5 puntos no caso de que a actividade desenvolvida pola empresa solicitante garde relación directa con proxectos de I+D+i.

8. Contribución á mellora ambiental: 5 puntos cando a memoria técnica e económica ou plan de empresa prevexa e avalíe especificamente a contribución da cooperativa ou sociedade laboral á mellora ambiental dun xeito relevante.

#### Artigo 27. *Documentación para a xustificación da subvención*

De acordo co previsto no artigo 15 desta orde, para acreditar o cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención deste programa, a beneficiaria deberá presentar, no prazo, nos termos e na forma que estableza a resolución de concesión, a seguinte documentación:

1. Declaración responsable complementaria do conxunto das subvencións solicitadas para a mesma actividade, tanto as aprobadas e/ou concedidas como as pendentes de



resolución, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do anexo VII.

2. Certificado de alta e permanencia como persoa socia traballadora ou de traballo emitido pola cooperativa ou sociedade laboral.

3. Documento de alta na Seguridade Social das persoas incorporadas, só no caso de non autorizar expresamente a comprobación de datos (artigo 10.1 desta orde) de acordo co modelo do anexo IV, ou documento de alta na mutualidade de colexio profesional que corresponda.

4. Certificación de relación nominal das persoas socias traballadoras ou de traballo e do persoal asalariado fixo no ano inmediatamente anterior á data da nova incorporación, con indicación das altas e baixas no dito período (segundo o modelo do anexo III).

5. No suposto de traballadores ou traballadoras vinculados á cooperativa ou sociedade laboral por contrato laboral de carácter temporal, copia do contrato de traballo, documento de alta inicial na Seguridade Social, así como xustificante da comunicación á Seguridade Social dos cambios producidos.

6. Cando se trate da incorporación dun socio ou socia que vaia realizar unha xornada a tempo parcial, unha copia do contrato de traballo no caso de sociedades laborais. De tratarse de cooperativas, certificado en que conste a duración da xornada que ten fixada a persoa que se incorpora.

7. Cando se trate dunha persoa socia a proba que accede á condición de socia con carácter indefinido, certificación do órgano competente da cooperativa do importe das achegas e cotas de ingreso, se é o caso, subscritas e desembolsadas para adquirir a condición de socio ou socia, así como certificación bancaria do seu pagamento en que conste claramente a persoa emisora e receptora, o concepto do gasto e a data en que se fixo efectivo.

8. Copia do documento en que se lle comunique á persoa incorporada pola cal se obtivo a subvención que esta actuación foi cofinanciada pola Xunta de Galicia e o Fondo Social Europeo, segundo se establece na letra a) do artigo 18 desta orde.

9. Documentación acreditativa (fotografías ou documentos equivalentes) do cumprimento das obrigas a que se refire o artigo 18.a) desta orde.



10. Breve documento explicativo do procedemento e da denominación desagregada (contas e subcontas, códigos...) empregados para manter os gastos financiados de forma separada na contabilidade.

Nesta fase, o órgano xestor comprobará de oficio o cumprimento da obriga de comunicar os indicadores de execución a que se refiren os anexos I e II do Regulamento (UE) nº 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de setembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo, mediante o acceso á aplicación «Participa 1420», á cal a beneficiaria accederá mediante o sistema usuario/clave que o órgano xestor lle facilitará no enderezo electrónico que sinale no anexo de solicitude de subvención.

#### Artigo 28. *Obrigas das entidades beneficiarias*

Ademais das recollidas con carácter xeral no artigos 17 e 18 desta orde, as entidades beneficiarias de subvencións deste programa deberán cumprir as seguintes obrigas:

1. Manter polo menos durante un período de dous anos desde a data da resolución de concesión unha forma xurídica de entre as elixibles para resultar beneficiarias da subvención concedida, así como a actividade empresarial.

O cumprimento desta obriga poderá ser comprobada polo órgano xestor coa periodicidade que se considere oportuna.

2. Manter a persoa pola cal se concede a subvención como persoa socia traballadora ou de traballo con carácter indefinido, polo menos durante dous anos desde a súa incorporación.

No suposto de baixa na sociedade no dito período, teñen a obriga de substituíla por outra persoa, no prazo máximo de nove meses desde a data de baixa e polo período que reste ata completar os dous anos. Tanto o feito da baixa como a substitución deben serlle comunicados ao órgano concedente no prazo dun mes contado desde o día en que os ditos feitos se produzan.

A persoa substituta deberá cumprir os requisitos do artigo 23 desta orde e cando a subvención se concedese pola incorporación dunha persoa pertencente a un colectivo determinado, a substitución deberá ser realizada por outra persoa pertencente a algún dos colectivos polos cales se poida conceder unha subvención por importe igual ou superior ao da persoa que causase baixa.



Esta incorporación poderá realizarse en situación de persoa socia a proba polo máximo tempo permitido legalmente, transcorrido o cal a relación poderá converterse en ordinaria e indefinida ou, de non ser así, incorporar con este carácter outra persoa coas características anteriormente sinaladas.

Respecto das persoas substitutas, a entidade beneficiaria deberá achegar a documentación prevista nos parágrafos 7 a 11, ambos incluídos, do artigo 25 desta orde, así como a prevista nos parágrafos 2, 3; 5, 6 ou 7 (de ser o caso), e 8 do artigo 27.

Esta nova incorporación en ningún caso dará lugar a unha nova subvención.

No caso de non producirse a substitución de acordo co punto anterior, procederá o reintegro das cantidades percibidas nos termos previstos no artigo 19 desta orde.

O cumprimento desta obriga poderá ser comprobada polo órgano xestor coa periodicidade que se considere oportuna.

3. No prazo máximo de catro semanas desde o cumprimento dos prazos de mantemento da condición de socio a que se refire o parágrafo anterior, a beneficiaria deberá presentar, respecto de cada unha das persoas polas cales se percibiu a subvención, os indicadores de resultado inmediato a que se refiren os anexos I e II do Regulamento (UE) nº 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de setembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo. A Administración poderá requirir a actualización destes datos no prazo de seis meses desde que finalice o citado período de mantemento da condición de socio, coa finalidade de formalizar os indicadores de resultado a longo prazo descritos no antedito regulamento.

#### CAPÍTULO IV

#### Programa II: fomento do acceso á condición de persoa socia

##### Artigo 29. *Finalidade*

Este programa de subvencións está dirixido ao fomento do acceso á condición de persoas socias traballadoras ou de traballo, de cooperativas ou de sociedades laborais, así como ao fomento do acceso de persoas emprendedoras por conta propia á condición de socias de cooperativas. Este acceso facilítase mediante o financiamento das achegas económicas ao capital social que debe desembolsarse para a incorporación como socio ou socia.



**Artigo 30. Persoas beneficiarias e condicións para obter a subvención**

1. Poderán ser persoas beneficiarias deste programa de subvencións as persoas que accedan á condición de persoa socia traballadora ou de traballo dunha cooperativa ou sociedade laboral con carácter indefinido, que desenvolvan a súa actividade nun centro de traballo situado na Comunidade Autónoma de Galicia e que, no momento da súa incorporación, cumpran algunha das condicións seguintes:

- a) Seren persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego.
- b) Seren persoas socias a proba da cooperativa á cal se incorporan.
- c) Seren persoas asalariadas da cooperativa ou sociedade laboral á cal se incorporan.
- d) Seren persoas asalariadas dunha empresa que se transforme nunha cooperativa ou sociedade laboral, sempre que non teñan a condición de socias da empresa transformada.
- e) Seren persoas socias traballadoras ou de traballo dunha cooperativa ou sociedade laboral a tempo parcial que accedan á mesma condición a tempo completo.

2. Tamén poderán ser beneficiarias as persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego que emprendan unha actividade por conta propia e se incorporen nunha cooperativa como persoas socias con carácter indefinido, con compromiso de exclusividade, para comercializar os seus produtos, obter subministracións, servizos e a asistencia técnica que precisen, sempre que teñan o seu domicilio social e fiscal en Galicia.

3. As cooperativas e as sociedades laborais deberán acreditar o cumprimento das previsións da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, e da Lei 44/2015, do 14 de outubro, de sociedades laborais, ao respecto dos topes máximos de traballadores ou traballadoras por conta allea.

4. No caso de socios e socias traballadoras ou de traballo, a incorporación poderá ser a xornada completa ou a tempo parcial. Cando a dedicación sexa a tempo parcial, deberá comprender como mínimo o 50 % da xornada ordinaria calculada en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, no seu defecto, na xornada ordinaria legal.



5. Non se poderá conceder esta subvención a persoas que obtivesen unha subvención para financiar a achega ao capital social de cooperativas ou sociedades laborais durante os últimos cinco anos, agás no suposto sinalado no artigo 30.1.e).

6. No caso das subvencións para acceso á condición de persoa socia traballadora, será necesario acreditar a viabilidade do proxecto empresarial a que se incorpora a persoa solicitante mediante a memoria técnica e económica do proxecto empresarial ou o plan de empresa.

7. No caso das subvencións para o acceso de persoas emprendedoras por conta propia á condición de socias de cooperativas, será necesario acreditar a viabilidade da actividade económica que a persoa realizará por conta propia mediante a memoria técnica e económica do proxecto empresarial ou o plan de empresa.

8. No caso de cooperativas, o importe da subvención será recoñecido como achegas obrigatorias desembolsadas do novo socio ou socia ao capital social, ou como cota de ingreso que deberá incorporarse ao fondo de reserva obrigatorio. No caso das sociedades laborais, o importe das subvencións será recoñecido como accións ou participacións sociais desembolsadas do novo socio ou socia ao capital social.

#### Artigo 31. *Contía das subvencións*

1. As subvencións previstas neste programa poderán ascender ás contías seguintes:

a) Para as persoas beneficiarias previstas no artigo 30.1, letras a), b) c) e d), e no artigo 30.2:

– Ata 4.500 € con carácter xeral.

– Ata 5.000 € se a persoa incorporada é unha muller.

– Ata 6.000 € cando se trate dunha persoa con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión.

b) Para as persoas beneficiarias previstas no artigo 30.1, letra e):

– Ata 2.250 € con carácter xeral.

– Ata 2.500 € se a persoa incorporada é unha muller.



– Ata 3.000 € cando se trate dunha persoa con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión.

2. As contías sinaladas no punto anterior incrementaranse nas porcentaxes que se sinalan a continuación:

a) Un 15 % no caso de que o centro de traballo a que se incorpora a persoa socia estea situado nun concello rural.

b) Un 25 % se se trata dunha cooperativa xuvenil, ou un 50 % se esta é de nova creación.

3. Cando a dedicación da persoa incorporada sexa a tempo parcial, a contía máxima dos incentivos previstos nos puntos anteriores reducirase ao 50 %.

4. As contías referidas nos anteriores puntos en ningún caso poderán ser superiores ás que subscriba o socio ou socia en concepto de achega de capital social e cota de ingreso, ou de accións ou participacións sociais segundo o caso, pola súa incorporación. Para estes efectos, unicamente se terán en conta os importes desembolsados durante o período recollido na convocatoria para a subvencionabilidade do gasto. Así mesmo, no suposto previsto no artigo 30.1.e), a contía da subvención, sumada á que, de ser o caso, percíbise a persoa beneficiaria con motivo da súa incorporación como socia a tempo parcial, non poderá superar as contías establecidas no artigo 31.1.a).

#### Artigo 32. *Documentación para a solicitude da subvención*

A documentación que debe presentarse para solicitar a subvención deste programa, de acordo co previsto no artigo 8 desta orde, é a seguinte:

1. Copia do documento nacional de identidade da persoa solicitante, só no caso de non autorizar expresamente a comprobación de datos (artigo 10.1 desta orde).

2. Copia do documento nacional de identidade da persoa representante, se é o caso, cando non autorice expresamente a comprobación de datos (artigo 10.1 desta orde).

3. No caso de actuar por representación da persoa solicitante, documentación que acredite por calquera medio válido en dereito a dita representación.

4. No caso de incorporación de persoas desempregadas de longa duración, certificación emitida polo Servizo Público de Emprego dos períodos de inscrición como demandante de



emprego, así como do tempo de permanencia na situación de desemprego, referida á data de incorporación (ou á data de presentación da solicitude, se aínda non tivo lugar a incorporación), só no caso de non autorizar expresamente a comprobación de datos (artigo 10.1 desta orde).

5. Informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, só no caso de non autorizar expresamente a comprobación de datos (artigo 10.1 desta orde).

6. De ser o caso, documentos acreditativos da discapacidade ou da situación ou risco de exclusión social. No caso de discapacidade, non será necesario se se autoriza a comprobación directa polo órgano xestor (artigo 10.1 desta orde).

7. Se é o caso, certificación do órgano competente da cooperativa acerca da condición de persoa socia a proba, referida á data de incorporación (ou á data de presentación da solicitude, se aínda non tivo lugar a incorporación).

8. Certificación do acordo da asemblea xeral da cooperativa, relativo á aprobación da contía das achegas obrigatorias das novas persoas socias e da cota de ingreso, de ser o caso. No caso de sociedades laborais, o acordo da contía mínima das accións ou participacións que se exigen para a incorporación como socio deberá ser acreditado mediante certificación do acordo da correspondente xunta xeral.

9. No caso de cooperativas xuvenís:

a) Certificación da relación nominal das persoas socias da cooperativa, segundo o modelo do anexo V.

b) Copia do documento nacional de identidade de todas as persoas socias traballadoras da cooperativa con idade comprendida entre 16 e 29 anos (entre 16 e 35 anos, no caso de discapacidade), así como a documentación acreditativa da discapacidade, se é o caso, só no caso de non autorizar expresamente a comprobación de datos (artigo 10.1 desta orde) de acordo co modelo do anexo IV.

10. Documentación específica da subvención para o acceso á condición de persoa socia traballadora de cooperativas e sociedades laborais (artigo 30.1):

a) Memoria técnica e económica do proxecto empresarial ou o plan de empresa da entidade a que se incorpora, que deberá conter os datos de identificación e descrición da actividade, con detalle dos aspectos económicos, técnicos e financeiros que permitan avaliar



a viabilidade do proxecto. Esta memoria deberase axustar ao modelo dispoñible na páxina web da consellería (<http://emprego.ceei.xunta.gal>), no seu punto de axudas e subvencións.

b) Calendario laboral da cooperativa ou sociedade laboral e certificación relativa á xornada de traballo asignada á persoa solicitante. Poderá obter un modelo na páxina web da consellería (<http://emprego.ceei.xunta.gal>), no seu punto de axudas e subvencións.

11. Documentación específica da subvención para o acceso de persoas emprendedoras por conta propia á condición de socias de cooperativas (artigo 30.2):

a) Memoria técnica e económica do proxecto empresarial ou o plan de empresa da persoa emprendedora, que deberá conter os datos de identificación e descrición do proxecto, os aspectos técnicos de produción e comercialización, así como unha descrición detallada dos aspectos económicos, técnicos e financeiros que permitan avaliar a viabilidade do proxecto. Esta memoria deberá axustarse ao modelo dispoñible na páxina web da consellería (<http://emprego.ceei.xunta.gal>), no seu punto de axudas e subvencións.

### Artigo 33. *Criterios de avaliación das solicitudes*

A concesión e contía das subvencións, que se realizará en réxime de concorrencia competitiva, realizarase mediante a comparación de todas as solicitudes presentadas, tendo en conta os seguintes criterios:

1. Por ter unha discapacidade ou estar en situación ou risco de exclusión: 10 puntos.
2. Por ter a condición de muller: 5 puntos.
3. Por ter a condición de persoa desempregada de longa duración: 20 puntos.
4. Por estar vinculada á cooperativa ou sociedade laboral a que se incorpora ou á empresa transformada, por un contrato de traballo de carácter temporal, ou ben ser socia a proba da cooperativa: 5 puntos.
5. Pola incorporación a un centro de traballo situado nun concello que teña 10.000 habitantes ou menos: 10 puntos.
6. Pola incorporación a un centro de traballo situado nun concello que teña máis de 10.000 e menos de 20.000 habitantes: 5 puntos.



**Artigo 34. Documentación para a xustificación da subvención**

De acordo co previsto no artigo 15 desta orde, para acreditar o cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención deste programa, a beneficiaria deberá presentar, no prazo, nos termos e na forma que estableza a resolución de concesión, a seguinte documentación:

1. Declaración responsable complementaria do conxunto das subvencións solicitadas para a mesma actividade, tanto as aprobadas e/ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do anexo VII.

2. Certificación do acordo do órgano de administración da cooperativa ou sociedade laboral, relativo á incorporación como persoa socia e á permanencia nela, agás cando se trate de persoas socias promotoras das referidas entidades.

3. Documento de alta na Seguridade Social, só no caso de denegar expresamente a súa consulta (artigo 10.3 desta orde).

4. Certificación emitida pola cooperativa ou sociedade laboral do importe das achegas, participacións ou accións, e cotas de ingreso, se é o caso, subscritas e desembolsadas para adquirir a condición de socio ou socia, así como certificación bancaria do seu pagamento en que conste claramente a persoa emisora e receptora e o concepto do gasto.

5. Cando de trate da incorporacións de persoas socias traballadoras ou de traballo a tempo parcial: certificado en que conste a duración da xornada que ten fixada a persoa que se incorpora.

6. No suposto previsto no artigo 30.1.e), certificación do órgano de administración da cooperativa ou sociedade laboral acreditativa da situación de socio a tempo parcial na data inmediatamente anterior á de alta na Seguridade Social a tempo completo.

7. No suposto previsto no artigo 30.2), alta no imposto de actividades económicas, só no caso de denegar expresamente a súa consulta (artigo 10.3 desta orde) ou, se é o caso, alta no Censo de obrigados tributarios do Ministerio de Economía e Facenda.



**Artigo 35. Obrigas das persoas beneficiarias**

Ademais das recollidas con carácter xeral no artigo 17 desta orde, as persoas beneficiarias de subvencións deste programa deberán cumprir as seguintes obrigas:

1. Manter a condición na mesma cooperativa ou sociedade laboral a que se incorporan por un período mínimo de dous anos desde a súa incorporación.

O cumprimento desta obriga poderá ser comprobado polo órgano xestor coa periodicidade que se considere oportuna.

2. O importe das ditas subvencións recoñecido como capital social deberá manter o seu carácter de achegas ao capital social de sociedades cooperativas, ou de accións ou participacións sociais de clase laboral, no caso das sociedades laborais, durante un período mínimo de dous anos desde que se realice a achega. Durante este período, non poderán ser obxecto de reembolso nin transmisión por actos inter vivos. Non obstante, a persoa socia que cause baixa obrigatoria poderá transmitir a súa achega a favor da persoa que se incorpore para substituíla nas mesmas condicións e ata o final do referido período, como mínimo. Esta substitución non dará lugar a unha nova subvención.

O cumprimento desta obriga poderá ser comprobada polo órgano xestor coa periodicidade que se considere oportuna.

3. No caso de incumprimento do previsto nos puntos anteriores, procederá o reintegro das cantidades percibidas nos termos previstos no artigo 19 desta orde.

**CAPÍTULO V****Programa III: fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais para persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil****Artigo 36. Finalidade**

Este programa ten por obxecto o establecemento de incentivos para impulsar o autoemprego colectivo no marco dos programas de garantía xuvenil, fomentando a incorporación de mozos e mozas como socios e socias traballadoras ou de traballo de cooperativas ou sociedades laborais.



**Artigo 37. Entidades beneficiarias e condicións para a obtención do incentivo**

1. Poderán acollerse ás subvencións previstas neste programa as cooperativas e as sociedades laborais que incorporen en centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia mozos ou mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil como persoas socias traballadoras ou de traballo, con carácter indefinido ou a proba.

2. No caso de incorporación con carácter indefinido, esta deberá supor incremento do emprego fixo e do número de persoas socias traballadoras ou de traballo da cooperativa ou sociedade laboral beneficiaria da subvención, respecto á media dos últimos doce meses anteriores á incorporación dos novos socios e socias por quen se percibe a subvención. Para os efectos do incremento do emprego, non se terán en conta os traballadores e traballadoras temporais, nin as persoas socias en situación de proba.

3. A incorporación poderá ser a xornada completa ou a tempo parcial. Cando a dedicación sexa a tempo parcial, deberá comprender como mínimo o 50 % da xornada ordinaria calculada en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, no seu defecto, na xornada ordinaria legal.

4. Non se poderá conceder esta subvención cando se trate da incorporación de persoas socias traballadoras ou de traballo que tiveron tal condición na mesma cooperativa ou sociedade laboral nos dous anos anteriores á súa incorporación como socios ou socias (agás cando fose en situación de proba e a subvención solicitada sexa para a incorporación con carácter indefinido). Tampouco se poderá conceder cando se trate da incorporación de persoas polas cales se obtiveron as subvencións previstas para a incorporación como persoas socias, para a contratación de directores/as ou xerentes/as ou para apoio ás entidades que presten servizos de natureza social e á comunidade, nos últimos cinco anos.

5. As cooperativas e as sociedades laborais deberán acreditar o cumprimento das previsións da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, e da Lei 44/2015, do 14 de outubro, de sociedades laborais, ao respecto dos topes máximos de traballadores ou traballadoras por conta allea.

6. En todo caso, as cooperativas ou sociedades laborais deberán acreditar a viabilidade do proxecto empresarial a que se incorpora o mozo ou moza.



**Artigo 38. Contía dos incentivos**

1. As subvencións previstas no artigo anterior terán as contías que se indican, por cada persoa que se incorpore a xornada completa:

a) Pola incorporación como persoas socias traballadoras ou de traballo, con carácter indefinido:

a. Con carácter xeral: 12.000 €.

b. Se a persoa incorporada é unha muller: 13.500 €.

c. No caso de persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social: 15.000 €.

b) Pola incorporación como persoas socias traballadoras ou de traballo a proba: 600 € ao mes, por un período de entre 6 e 12 meses, por mozo ou moza incorporada.

2. As contías sinaladas no punto anterior incrementaranse nas porcentaxes que se sinalan a continuación:

a) Un 15 % no caso de que o centro de traballo a que se incorpora a persoa socia estea situado nun concello rural.

b) Un 25 % se se trata dunha cooperativa xuvenil.

3. Cando a dedicación sexa a tempo parcial, nos termos previstos no artigo 37.3, a contía dos incentivos previstos nos puntos anteriores reducirase ao 50 %.

4. A contía máxima que poderá ser concedida a unha beneficiaria por subvencións con cargo a este programa será de 18.000 euros por persoa incorporada, ata un máximo de 75.000 euros. No caso de que a suma das contías que resulten en aplicación dos parágrafos anteriores sexa superior aos 75.000 €, atribuirase a cada incorporación a contía que proporcionalmente lle corresponda.

**Artigo 39. Documentación para a solicitude da subvención**

A documentación que deben presentar as cooperativas e sociedades laborais para solicitar a subvención, de acordo co previsto no artigo 8, é a seguinte:

1. Copia da tarxeta acreditativa do número de identificación fiscal da entidade solicitante, só no caso de denegar expresamente a súa consulta (artigo 10.3 desta orde).



2. Copia do documento nacional de identidade da persoa representante, só no caso de non autorizar expresamente a comprobación de datos (artigo 10.1 desta orde).

3. Documentación que acredite, por calquera medio válido en dereito, a representación con que actúa a persoa que asina a solicitude.

4. Alta no imposto de actividades económicas (IAE) , só no caso de denegar expresamente a súa consulta (artigo 10.3 desta orde) ou, se é caso, alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

5. Memoria técnica e económica do proxecto empresarial ou o plan de empresa, que deberá conter os datos de identificación e descrición do proxecto, os aspectos técnicos de produción e comercialización, a previsión de postos de traballo netos que se van crear, así como unha descrición detallada dos aspectos económicos, técnicos e financeiros que permitan avaliar a viabilidade do proxecto. Esta memoria deberase axustar ao modelo dispoñible na páxina web da consellería (<http://emprego.ceei.xunta.gal>), no seu punto de axudas e subvencións, así como a través da páxina web do Programa de garantía xuvenil (<http://garantiaxuvenil.xunta.gal>).

6. Certificación da relación nominal dos mozos e mozas polos cales se solicita subvención, segundo o modelo do anexo XI.

7. Copia do documento nacional de identidade das persoas socias traballadoras ou de traballo por quen se solicita subvención, ou ben autorización expresa destas persoas para a comprobación directa polo órgano xestor, de acordo co modelo do anexo IV (artigo 10.1 desta orde).

8. Informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social das persoas socias traballadoras ou de traballo por quen se solicita subvención, referido á data de presentación da solicitude, ou ben autorización expresa destas persoas para a comprobación directa polo órgano xestor, de acordo co modelo do anexo IV (artigo 10.1 desta orde).

9. Se é o caso, documentos acreditativos da discapacidade ou da situación ou risco de exclusión social. No caso de discapacidade, non será necesario se se autoriza a comprobación directa polo órgano xestor, de acordo co modelo do anexo IV (artigo 10.1 desta orde).



10. No caso de cooperativas xuvenís:

a) Certificación da relación nominal das persoas socias da cooperativa, segundo o modelo do anexo V.

b) Copia do documento nacional de identidade de todas as persoas socias traballadoras da cooperativa con idade comprendida entre 16 e 29 anos (entre 16 e 35 anos, en caso de discapacidade), así como a documentación acreditativa da discapacidade, se é o caso, só no caso de non autorizar expresamente a comprobación de datos (artigo 10.1 desta orde) de acordo co modelo do anexo IV.

11. Calendario laboral da entidade e certificación relativa á xornada de traballo asignada ás incorporacións polas cales se solicita subvención. Poderase obter un modelo na páxina web da consellería (<http://emprego.ceei.xunta.gal>), no seu punto de axudas e subvencións, así como na páxina web do Programa de garantía xuvenil (<http://garantiaxuvenil.xunta.gal>).

Artigo 40. *Documentación para a xustificación da subvención*

De acordo co previsto no artigo 15 desta orde, para acreditar o cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención deste programa, a beneficiaria deberá presentar no prazo, nos termos e na forma que estableza a resolución de concesión, a seguinte documentación:

1. Declaración responsable complementaria do conxunto das subvencións solicitadas para a mesma actividade, tanto as aprobadas e/ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do anexo VII.

2. Para a incorporación como socio ou socia con carácter indefinido: certificado de alta e permanencia como persoa socia traballadora ou de traballo emitido pola cooperativa ou sociedade laboral.

3. Para a incorporación como socio ou socia a proba: certificado de alta como persoa socia traballadora ou de traballo a proba, emitido pola cooperativa, así como do período de permanencia nesta situación. No caso de que a persoa incorporada finalizase o período de proba sen adquirir a condición de socio traballador ou de traballo con carácter indefinido,



deberá achegarse memoria explicativa do traballo desenvolvido durante o período de proba e das razóns da súa finalización.

4. Alta na Seguridade Social das persoas incorporadas, só no caso de non autorizar expresamente a comprobación de datos (artigo 10.1 desta orde), de acordo co modelo do anexo IV, ou documento de alta na mutualidade de colexio profesional que corresponda.

5. Certificación da relación nominal das persoas socias traballadoras ou de traballo e do persoal asalariado fixo no ano inmediatamente anterior á data da nova incorporación, con indicación das altas e baixas no dito período, segundo o modelo do anexo III.

6. Cando se trate da incorporación dun socio ou socia que vaia realizar unha xornada a tempo parcial, unha copia do contrato de traballo no caso de sociedades laborais. De tratarse de cooperativas, certificado en que conste a duración da xornada que ten fixada a persoa que se incorpora.

7. Copia do documento en que se lle comunique á persoa incorporada pola cal se obtivo a subvención que esta actuación foi cofinanciada pola Xunta de Galicia, polo Fondo Social Europeo e pola Iniciativa de emprego xuvenil, segundo se establece na letra a) do artigo 18 desta orde.

8. Documentación acreditativa (fotografías ou documentos equivalentes) do cumprimento das obrigas a que se refire o artigo 18.a) desta orde.

9. Breve documento explicativo do procedemento e da denominación desagregada (contas e subcontas, códigos...) empregados para manter os gastos financiados de forma separada na contabilidade.

Nesta fase, o órgano xestor comprobará de oficio o cumprimento da obriga de comunicar os indicadores de execución a que se refiren os anexos I e II do Regulamento (UE) nº 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de setembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo, mediante o acceso á aplicación «Participa 1420», á cal a beneficiaria accederá mediante o sistema usuario/clave que o órgano xestor lle facilitará no enderezo electrónico que sinala no anexo de solicitude de subvención.



#### Artigo 41. *Obrigas das entidades beneficiarias*

Ademais das recollidas con carácter xeral nos artigos 17 e 18 desta orde, as entidades beneficiarias de subvencións deste programa deberán cumprir as seguintes obrigas:

1. Manter, polo menos, durante un período de dous anos desde a data de resolución de concesión, unha forma xurídica de entre as elixibles para resultar beneficiarias da subvención concedida, así como a actividade empresarial.

Esta obriga poderá ser comprobada polo órgano xestor coa periodicidade que se considere oportuna.

2. No caso de subvencións por incorporación como persoa socia traballadora ou de traballo con carácter indefinido: manter as persoas polas cales se concede a subvención nesta mesma condición polo menos durante dous anos desde a súa incorporación. No suposto de baixa na sociedade no dito período, teñen a obriga de substituíla por outra moza ou mozo inscrito no Sistema nacional de garantía xuvenil, no prazo máximo de nove meses desde a data de baixa e polo período que reste ata completar os dous anos. Tanto o feito da baixa como a substitución deben serlle comunicados ao órgano concedente no prazo dun mes contado desde o día en que os ditos feitos se produzan.

A incorporación poderase realizar en situación de persoa socia a proba polo máximo tempo permitido legalmente, transcorrido o cal a relación poderá converterse en ordinaria e indefinida ou, de non ser así, incorporar con este carácter outro mozo ou moza coas características anteriormente sinaladas.

Respecto das persoas substitutas, a entidade beneficiaria deberá achegar a documentación prevista nos parágrafos 7, 8 e 9 do artigo 39 desta orde, así como a prevista nos parágrafos 2, 4, 6 (de ser o caso) e 7 do artigo 40. O órgano instrutor comprobará a súa inscrición no Sistema nacional de garantía xuvenil e a súa acreditación será incorporada ao expediente.

Esta nova incorporación en ningún caso dará lugar a unha nova subvención.

O cumprimento desta obriga poderá ser comprobado polo órgano xestor coa periodicidade que se considere oportuna.

3. No caso de subvencións por incorporación como persoa socia a proba: manter a persoa incorporada, como mínimo, polo tempo subvencionado. Se se produce o cesamento



do mozo ou moza, a empresa beneficiaria está obrigada a substituíla no prazo dun mes por outra inscrita no Sistema nacional de garantía xuvenil, polo menos, en tempo de dedicación igual ao anterior. Tanto o feito da baixa como a substitución deberán serlle comunicados ao órgano que concedeu a subvención no prazo dun mes contado desde o día en que os ditos feitos se produzan.

Respecto das persoas substitutas, a entidade beneficiaria deberá achegar a documentación prevista nos parágrafos 7, 8 e 9 do artigo 39 desta orde, así como a prevista nos parágrafos 3, 4, 6 (de ser o caso) e 7 do artigo 40. O órgano instrutor comprobará a súa inscrición no Sistema nacional de garantía xuvenil e a súa acreditación será incorporada ao expediente.

Esta nova incorporación non dará lugar, en ningún caso, a unha nova subvención.

O cumprimento desta obriga poderá ser comprobada polo órgano xestor coa periodicidade que se considere oportuna.

4. No prazo máximo de catro semanas desde o cumprimento dos prazos de mantemento da condición de socio a que se refiren os parágrafos 2 e 3 anteriores, a beneficiaria deberá presentar, respecto de cada unha das persoas polas cales se percibiu a subvención, os indicadores de resultado inmediato a que se refiren os anexos I e II do Regulamento (UE) nº 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de setembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo. A Administración poderá requirir a actualización destes datos no prazo de seis meses desde que finalice o citado período de mantemento da condición de socio, coa finalidade de formalizar os indicadores de resultado a longo prazo descritos no antedito regulamento. A información obtida será posta en coñecemento da rede de técnicos de orientación laboral específicos do Servizo Público de Emprego de Galicia, polo mecanismo de coordinación que se determine, para os efectos dun mellor cumprimento dos obxectivos do Sistema nacional de garantía xuvenil.

5. No caso de incumprimento do previsto nos puntos anteriores, procederá o reintegro das cantidades percibidas nos termos previstos no artigo 19 desta orde.

## CAPÍTULO VI

### **Programa IV: fomento do emprendemento colectivo, para persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil**

#### Artigo 42. *Finalidade*

1. Este programa ten por obxecto o establecemento de incentivos para o fomento do emprendemento colectivo xuvenil, mediante a concesión de subvencións aos mozos e mozas inscritos no Sistema nacional de garantía xuvenil.



2. Mediante estas subvencións facilítase o acceso da mocidade á condición de persoas socias de cooperativas impulsando a posta en marcha da actividade emprendedora por conta propia.

**Artigo 43. *Persoas beneficiarias e condicións para a obtención do incentivo***

1. Poderanse acoller ás subvencións previstas neste programa os mozos e mozas inscritos no Sistema nacional de garantía xuvenil en Galicia que emprendan unha actividade por conta propia na Comunidade Autónoma de Galicia e se incorporen a unha cooperativa en condición de persoas socias, con compromiso de exclusividade para comercializar os seus produtos, obter subministracións, servizos e a asistencia técnica que precisen.

A inscrición no Sistema nacional de garantía xuvenil na data de inicio da actividade será comprobada de oficio polo órgano instrutor e a súa acreditación será incorporada ao expediente.

2. Non se poderá conceder esta subvención a persoas que obtivesen unha subvención para financiar a achega ao capital social de cooperativas ou sociedades laborais durante os últimos cinco anos.

3. Para acceder ás subvencións previstas neste programa, será necesario acreditar a viabilidade da actividade económica que o mozo ou moza realizará por conta propia mediante a memoria técnica e económica do proxecto empresarial ou o plan de empresa, previstos nesta orde.

**Artigo 44. *Contía dos incentivos***

1. As subvencións previstas no artigo anterior terán as contías que se indican:

a) Con carácter xeral: 8.000 €.

b) Cando a persoa incorporada sexa unha muller: 9.000 €.

c) No caso de persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social: 12.000 €.

2. As contías sinaladas no punto anterior incrementaranse nas porcentaxes que se sinalan a continuación:

a) Un 15 % no caso de que o centro de traballo a que se incorpora a persoa socia estea situado nun concello rural.



b) Un 25 % se se trata dunha cooperativa xuvenil

*Artigo 45. Documentación para a solicitude da subvención*

A documentación que se debe presentar para solicitar a subvención, de acordo co previsto no artigo 8, é a seguinte:

1. Copia do documento nacional de identidade da persoa solicitante, só no caso de non autorizar expresamente a comprobación de datos (artigo 10.1 das bases reguladoras).

2. Copia do documento nacional de identidade da persoa representante, se é o caso, cando non autorice expresamente a comprobación de datos (artigo 10.1 desta orde).

3. No caso de actuar por representación da persoa solicitante, documentación que acredite por calquera medio válido en dereito a dita representación.

4. Alta no imposto de actividades económicas (IAE) , só no caso de denegar expresamente a súa consulta (artigo 10.3 desta orde) ou, se é caso, alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

5. Se é o caso, documentos acreditativos da discapacidade ou da situación ou risco de exclusión social. No caso de discapacidade, non será necesario se se autoriza a comprobación directa polo órgano xestor (artigo 10.1 desta orde).

6. Memoria técnica e económica do proxecto empresarial ou o plan de empresa do mozo ou moza emprendedora, que deberá conter os datos de identificación e descrición do proxecto, os aspectos técnicos de produción e comercialización, así como unha descrición detallada dos aspectos económicos, técnicos e financeiros que permitan avaliar a viabilidade do proxecto. Esta memoria deberase axustar ao modelo dispoñible na páxina web da consellería (<http://emprego.ceei.xunta.gal>), na súa epigrafe de axudas e subvencións, así como a través da páxina web do Programa de garantía xuvenil (<http://garantiaxuvenil.xunta.gal>).

7. Informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, de ser o caso, só no caso de non autorizar expresamente a comprobación de datos (artigo 10.1 desta orde).

8. No caso de cooperativas xuvenís:

a) Certificación da relación nominal das persoas socias da cooperativa, segundo o modelo do anexo V.



b) Copia do documento nacional de identidade de todas as persoas socias traballadoras da cooperativa con idade comprendida entre 16 e 29 anos (entre 16 e 35 anos, en caso de discapacidade), así como a documentación acreditativa da discapacidade, se é o caso, só no caso de non autorizar expresamente a comprobación de datos (artigo 10.1 desta orde), de acordo co modelo do anexo IV.

Artigo 46. *Documentación para a xustificación da subvención*

De acordo co previsto no artigo 15 desta orde, para acreditar o cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención deste programa, a beneficiaria deberá presentar, no prazo, nos termos e na forma que estableza a resolución de concesión, a seguinte documentación:

1. Declaración responsable complementaria do conxunto das subvencións solicitadas para a mesma actividade, tanto as aprobadas e/ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do anexo VII.

2. Alta na Seguridade Social da beneficiaria, só no caso de denegar expresamente a súa consulta (artigo 10.3 desta orde).

3. Certificado de alta e permanencia como persoa socia emitido pola cooperativa.

4. Documentación acreditativa (fotografías ou documentos equivalentes) do cumprimento das obrigas a que se refire o artigo 18.a) desta orde.

5. Breve documento explicativo do procedemento e da denominación desagregada (contas e subcontas, códigos...) empregados para manter os gastos financiados de forma separada na contabilidade.

Nesta fase, o órgano xestor comprobará de oficio o cumprimento da obriga de comunicar os indicadores de execución a que se refiren os anexos I e II do Regulamento (UE) nº 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de setembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo, mediante o acceso á aplicación «Participa 1420», á cal a beneficiaria accederá mediante o sistema usuario/clave que o órgano xestor lle facilitará no enderezo electrónico que sinala no anexo de solicitude de subvención.



**Artigo 47. Obrigas das persoas beneficiarias**

Ademais das recollidas con carácter xeral nos artigos 17 e 18 desta orde, as beneficiarias de subvencións deste programa deberán cumprir as seguintes obrigas:

1. Manter a condición de socia na cooperativa a que se incorporan, así como a súa actividade empresarial, por un período mínimo de dous anos desde a data da incorporación.

Esta obriga poderá ser comprobada polo órgano xestor coa periodicidade que se considere oportuna.

2. No prazo máximo de catro semanas desde o cumprimento do prazo o que se refire o parágrafo anterior, a beneficiaria deberá presentar os indicadores de resultado inmediato a que aluden os anexos I e II do Regulamento (UE) nº 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de setembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo. A Administración poderá requirir a actualización destes datos no prazo de seis meses desde que finalice o citado período de mantemento da condición de socio, coa finalidade de formalizar os indicadores de resultado a longo prazo descritos no antedito regulamento. A información obtida será posta en coñecemento da rede de técnicos de orientación laboral específicos do Servizo Público de Emprego de Galicia, polo mecanismo de coordinación que se determine, para os efectos dun mellor cumprimento dos obxectivos do Sistema nacional de garantía xuvenil.

3. No caso de incumprimento do previsto no punto anterior, procederá o reintegro das cantidades percibidas nos termos previstos no artigo 19 desta orde.

**CAPÍTULO VII****Programa V: impulso de proxectos empresariais colectivos****Artigo 48. Finalidade**

Este programa de subvencións está dirixido a fomentar a economía social, concedendo subvencións que faciliten a posta en marcha dos proxectos empresariais, tanto de nova creación de cooperativas ou sociedades laborais como xerados polas existentes.

**Artigo 49. Entidades beneficiarias e condicións para a obtención da subvención**

1. Poderanse acoller ás subvencións recollidas neste programa as cooperativas e sociedades laborais que realicen proxectos empresariais subvencionables.



Terán a consideración de proxectos empresariais subvencionables os seguintes:

- a) Constitución de cooperativas ou sociedades laborais.
- b) Transformación doutras fórmulas empresariais en cooperativas ou sociedades laborais.
- c) Lanzamento de novas áreas funcionais ou territoriais de actividade das cooperativas ou sociedades laborais existentes.

2. A asistencia técnica para a realización das accións subvencionables deberá ser prestada por persoas físicas ou xurídicas que acrediten a súa solvencia profesional por medio de titulación académica oficial suficiente para a prestación do servizo. No caso de persoas xurídicas, a persoa posuidora da titulación deberá acreditar o seu vínculo coa entidade.

#### Artigo 50. *Contía da subvención*

1. Poderá subvencionarse ata o 75 % dos gastos seguintes:

a) Elaboración de estudos de viabilidade, de comercialización, auditorías e outros informes de natureza análoga, necesarios para a posta en marcha dos proxectos empresariais, ata un máximo de 1.000 € cando integren menos de 10 persoas socias e ata un máximo de 2.000 € cando integren 10 persoas socias ou máis.

b) Elaboración dos estatutos sociais e regulamentos de réxime interno necesarios para a posta en marcha dos proxectos empresariais, ata un máximo de 1.000 €.

2. As contías sinaladas no punto anterior incrementaranse nas porcentaxes que se sinalan a continuación:

a) Un 15 % no caso de que o novo proxecto supoña a apertura dun centro de traballo nun concello rural.

b) Un 25 % se se trata dunha cooperativa xuvenil.

#### Artigo 51. *Documentación para a solicitude da subvención*

A documentación que se debe presentar para solicitar as subvencións deste programa, de acordo co previsto no artigo 8 desta orde, é a seguinte:

1. Copia da tarxeta acreditativa do número de identificación fiscal da entidade solicitante, só no caso de denegar expresamente a súa consulta (artigo 10.3 desta orde).



2. Copia do documento nacional de identidade da persoa representante, só no caso de non autorizar expresamente a comprobación de datos (artigo 10.1 desta orde).

3. Documentación que acredite, por calquera medio válido en dereito, a representación con que actúa a persoa que asina a solicitude.

4. Alta no imposto de actividades económicas (IAE), só no caso de denegar expresamente a súa consulta (artigo 10.3 desta orde) ou, se é caso, alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

5. Se é o caso, documentos referidos ás persoas socias traballadoras ou asalariadas que se incorporen á sociedade, acreditativos da súa discapacidade ou situación ou risco de exclusión social. No caso de discapacidade, non será necesario se se autoriza a comprobación directa polo órgano xestor, de acordo co modelo do anexo IV (artigo 10.1 desta orde).

6. Memoria técnica do novo proxecto empresarial, que deberá conter os datos de identificación e descrición da actividade. Esta memoria deberase axustar ao modelo dispoñible na páxina web da consellería (<http://emprego.ceei.xunta.gal>), na súa epígrafe de axudas e subvencións. No caso de lanzamento de novas áreas funcionais ou territoriais de actividade, deberanse identificar claramente estas áreas con respecto á actividade actual da entidade.

7. No caso de cooperativas xuvenís:

a) Certificación da relación nominal das persoas socias da cooperativa, segundo o modelo do anexo V.

b) Copia do documento nacional de identidade de todas as persoas socias traballadoras da cooperativa con idade comprendida entre 16 e 29 anos (entre 16 e 35 anos, en caso de discapacidade), así como a documentación acreditativa da discapacidade, se é o caso, só no caso de non autorizar expresamente a comprobación de datos (artigo 10.1 desta orde), de acordo co modelo do anexo IV.

8. Orzamento individualizado correspondente a cada concepto subvencionable e cuantificado economicamente en todas as epígrafes.

9. Documentación que acredite a habilitación legal e debida cualificación para a prestación do servizo, nos termos previstos no artigo 49.2 desta orde.



**Artigo 52. Criterios de avaliación das solicitudes**

A concesión das subvencións, que se realizará en réxime de concorrencia competitiva, realizarase mediante a comparación de todas as solicitudes presentadas, tendo en conta os seguintes criterios:

**1. Polo emprego previsto durante o primeiro ano de execución do proxecto empresarial:**

a) Por cada persoa que se incorpore á cooperativa ou sociedade laboral como socia traballadora ou de traballo: 2 puntos con carácter xeral, 3 puntos se se trata dunha muller ou 4 puntos se se trata dunha persoa con discapacidade ou que se encontre en situación ou risco de exclusión social, ata un máximo de 20 puntos.

b) Por cada persoa que se incorpore á cooperativa ou sociedade laboral como asalariada de maneira indefinida: 1 punto con carácter xeral, 2 puntos se se trata dunha muller ou 3 puntos se se trata dunha persoa con discapacidade ou que se encontre en situación ou risco de exclusión social ata un máximo de 10 puntos.

2. Incidencia na creación e mantemento do emprego no contorno xeográfico en que se desenvolva a actuación: 5 puntos cando a cooperativa ou sociedade laboral teña o domicilio social nun concello que teña máis de 10.000 e menos de 20.000 habitantes e 10 puntos cando o concello teña 10.000 habitantes ou menos.

3. Actividades desenvolvidas en sectores estratéxicos: 10 puntos no caso de que o proxecto empresarial para o cal se solicita a subvención estea comprendido nalgún dos sectores seguintes: os relacionados coa economía verde (enerxías renovables, vehículo verde, preservación ambiental), economía da saúde (servizos á terceira idade, servizos á dependencia), economía do coñecemento (TIC, audiovisual e cultura, biotecnoloxía, tecnoloxías mecánicas e robotización) e a economía azul (crecemento sustentable nos sectores mariño e marítimo).

4. Desenvolvemento de proxectos de I+D+i: 5 puntos no caso de que o proxecto empresarial para o cal se solicita a subvención garde relación directa con proxectos de I+D+i.

5. Contribución á mellora ambiental: 5 puntos cando a memoria técnica e económica ou plan de empresa prevexa e avalíe especificamente a contribución da cooperativa ou sociedade laboral á mellora ambiental dun xeito relevante.



**Artigo 53. Documentación para a xustificación da subvención**

De acordo co previsto no artigo 15 desta orde, para acreditar o cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención deste programa, a beneficiaria deberá presentar, no prazo, nos termos e na forma que estableza a resolución de concesión, a seguinte documentación:

1. Orixinal ou copia compulsada ou cotexada das facturas ou outros documentos xustificativos do gasto, así como orixinal ou copia compulsada ou cotexada dos xustificantes bancarios de pagamento. Nos xustificantes bancarios deberán quedar claramente identificadas as persoas ou entidades receptoras e as emisoras dos pagamentos (que deberán coincidir coas beneficiarias da axuda), así como o concepto destes.

2. Copia dos estudos, proxectos, auditorías, informes, estatutos ou regulamentos de réxime interior para os cales se solicitou a subvención.

3. Declaración responsable complementaria do conxunto das subvencións solicitadas para a mesma actividade, tanto as aprobadas e/ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do anexo VII.

4. Breve documento explicativo do procedemento e da denominación desagregada (contas e subcontas, códigos...) empregados para manter os gastos financiados de forma separada na contabilidade.

**Artigo 54. Obrigas das entidades beneficiarias**

1. Ademais das obrigas recollidas con carácter xeral no artigo 17 desta orde, as entidades beneficiarias deberán manter polo menos durante un período de dous anos, contados desde a data de resolución de concesión, unha forma xurídica de entre as elixibles para resultar beneficiarias da subvención concedida, así como a súa actividade empresarial.

2. No caso de incumprimento do previsto no punto anterior, procederá o reintegro das cantidades percibidas nos termos previstos no artigo 19 desta orde.



## CAPÍTULO VIII

**Programa VI: intercooperación e integración empresarial****Artigo 55. Finalidade**

Por medio deste programa impúlsanse as actividades de intercooperación, realizadas de forma conxunta por entidades de economía social, especialmente os procesos de integración empresarial co fin de acadar a dimensión necesaria para mellorar a competitividade, capturar maior valor engadido e satisfacer adecuadamente as necesidades das persoas que forman a cooperativa ou sociedade laboral.

Promóvese, así mesmo, o lanzamento de proxectos de colaboración empresarial para a consecución de obxectivos comúns relacionados coa investigación, desenvolvemento e innovación, coa loxística, comercialización e internacionalización, subvencionando parcialmente os gastos necesarios para a súa realización.

**Artigo 56. Entidades beneficiarias e condicións para obter a subvención**

1. Poderán resultar beneficiarias as cooperativas ou sociedades laborais que participen en proxectos de integración ou colaboración empresarial e que se agrupen para realizar conxuntamente a súa solicitude de axuda.

No caso de proxectos de integración empresarial requirirase un mínimo de dúas entidades participantes.

No caso doutros proxectos de colaboración, requírese un mínimo de tres entidades das cales, como mínimo, dúas deben ser cooperativas ou sociedades laborais, e terán unicamente estas acceso á subvención.

Todas as entidades receptoras da axuda quedan obrigadas solidariamente ao cumprimento das obrigas que deriven da concesión da subvención e ao cumprimento do establecido no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En particular, deberán facer constar expresamente os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que aplicará cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, corresponden á agrupación.



2. Igualmente, poderán ser beneficiarias deste programa as cooperativas de segundo grao e as entidades que resulten dun proceso de fusión realizado no período de execución desta orde.

3. Ningunha entidade poderá figurar en máis dunha solicitude das previstas neste programa. O incumprimento desta norma dará lugar a que unicamente se dea validez á solicitude rexistrada en primeiro lugar no Rexistro Xeral da Consellería de Economía, Emprego e Industria e que se proceda á inadmisión das restantes solicitudes onde figuren a entidade ou entidades incumpridoras.

4. Serán subvencionables as actividades seguintes.

- a) Configuración de proxectos de integración.
- b) Actividades de investigación, desenvolvemento e innovación.
- c) Comercialización e internacionalización.

**Artigo 57. Contía das axudas.**

1. A contía das axudas previstas neste programa non poderá superar o 75 % dos gastos seguintes:

a) Para a configuración de proxectos de integración:

1) Contratación de asistencia externa para a elaboración dos estudos e informes precisos para o impulso dos proxectos de integración; en especial estudos de viabilidade, auditorías e proxectos técnicos, ata un máximo de 15.000 €.

2) Contratación de asistencia externa para a xestión e dinamización dos equipos de traballo conxuntos, ata un máximo de 1.500 €.

b) Para as actividades de investigación, desenvolvemento e innovación:

1) Contratación de asistencia externa para a elaboración de proxectos e estudos de viabilidade en materia de I+D+i, ata un máximo de 15.000 €.

2) Contratación de asistencia externa para a xestión e dinamización dos equipos de traballo conxuntos, ata un máximo de 1.500 €.

CVE-DOG: rjxozzm4-wqk6-jxv3-bp39-1rvkk8h3vjf8



c) Para as actividades de comercialización e internacionalización:

1) Elaboración de proxectos de loxística, distribución conxunta de produtos, oferta integrada de servizos, tendas cooperativas, puntos de atención e outras fórmulas de venda e atención directa ao consumidor e usuario, cos seguintes conceptos e límites:

a. Contratación de asistencia externa para a elaboración de proxectos técnicos e estudos de viabilidade, ata un máximo de 15.000 €.

b. Asistencia técnica para a xestión de tramitación de certificacións, homologacións e rexistros de marca e patentes conxuntas, ata un máximo de 5.000 €.

2) Deseño e creación de instrumentos de comercio electrónico a través da internet, excluídos os gastos de mantemento: ata 10.000 €

3) Deseño, tradución e produción de materiais promocionais tales como catálogos de produtos e servizos, materiais audiovisuais, folletos e similares, para a súa comercialización conxunta (excluída a impresión de materiais ou produción de copias), ata un máximo de 5.000 €.

4) Misións comerciais e presenza en feiras, mostras e congresos, cos seguintes límites:

a. Gastos de viaxe á cidade de celebración do evento, así como o aloxamento incluído o almuerzo para unha persoa de cada entidade participante máis unha persoa do organismo intermedio: 75 € por pernoita (cun máximo de 5 pernoitas por evento) e 300 € de gastos de viaxe por persoa, cun máximo de 2.500 €.

b. Gastos de alugamento e loxística de salas e outros espazos necesarios para a realización das accións, casetas, mobiliario e servizos inherentes, asistencia técnica para a organización de eventos e intérpretes: máximo 15.000 €.

c. Gastos de asistencia externa en destino para a detección de oportunidades, a realización de axendas e/ou seguimento de contactos iniciais: ata 5.000 €.

2. Quedan excluídos os custos de mailings, convites, regalos promocionais e os relativos á realización de cócteles e actos análogos, así como os de compra de espazos publicitarios.



3. A contía máxima que poderá ser concedida con cargo a este programa será de 5.000 € por cada cooperativa ou sociedade laboral participante, agás no caso de integración empresarial, que se eleva a 10.000 € por entidade, e un límite máximo global de 30.000 € por solicitude.

*Artigo 58. Documentación para a solicitude da subvención*

A documentación que debe presentarse para solicitar as subvencións deste programa, de acordo co previsto no artigo 8 desta orde, é a seguinte:

1. Copia da tarxeta acreditativa do número de identificación fiscal da entidade ou entidades beneficiarias, só no caso de denegar expresamente a súa consulta (artigo 10.3 desta orde).

2. Copia do documento nacional de identidade da persoa representante, só no caso de non autorizar expresamente a comprobación de datos (artigo 10.1 desta orde).

3. Documentación que acredite, por calquera medio válido en dereito, a representación con que actúa a persoa que asina a solicitude.

4. Alta no imposto de actividades económicas (IAE) da entidade ou entidades beneficiarias, só no caso de denegar expresamente a súa consulta (artigo 10.3 desta orde) ou, se é caso, alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

5. Declaración complementaria de cada unha das cooperativas ou sociedades laborais participantes (agás a que actúe como representante) do conxunto das axudas solicitadas para a mesma actividade, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o anexo VII.

6. Orzamento individualizado correspondente a cada concepto subvencionable e cuantificado economicamente en todas as epígrafes.

7. Memoria das actividades para as cales se solicita a subvención, especificando a súa finalidade, as ou os destinatarios e os medios previstos para a súa realización, así como informe relativo á capacidade profesional das persoas intervinientes.



8. No caso de cooperativas xuvenís:

a) Certificación da relación nominal das persoas socias da cooperativa, segundo o modelo do anexo V.

b) Copia do documento nacional de identidade de todas as persoas socias traballadoras da cooperativa con idade comprendida entre 16 e 29 anos (entre 16 e 35 anos, no caso de discapacidade), así como a documentación acreditativa da discapacidade, se é o caso, só no caso de non autorizar expresamente a comprobación de datos (artigo 10.1 desta orde) de acordo co modelo do anexo IV.

9. Documento que acredite o acordo de colaboración das entidades agrupadas, de designación da que os representa e de petición da subvención, así como a delegación na entidade que actúe como representante de todas elas.

10. Declaración de aceptación das condicións e requisitos establecidos nesta orde, así como de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, asinada por todos os beneficiarios.

#### Artigo 59. *Criterios de avaliación das solicitudes*

A concesión e contía das subvencións, que se realizará en réxime de concorrencia competitiva, realizarase mediante a comparación de todas as solicitudes presentadas, tendo en conta os seguintes criterios:

a) Pola tipoloxía de proxecto: 10 puntos cando se trate de procesos de integración empresarial, a través da fusión de entidades ou a constitución dunha cooperativa de segundo grao, e 5 puntos cando se trate doutros procesos de colaboración.

b) Polas entidades participantes: 1 punto por cada unha das entidades participantes no proxecto para o cal se solicita a axuda, ou 3 puntos por cada unha que sexa unha cooperativa xuvenil.

c) Incidencia no contorno xeográfico en que se desenvolva a actuación: 1 punto por cada unha das entidades participantes que teña o seu domicilio social nun concello que con máis de 10.000 e menos de 20.000 habitantes, ou 2 puntos cando o concello teña menos de 10.000 habitantes.



d) Ata 10 puntos polo carácter innovador do proxecto común.

Artigo 60. *Documentación para a xustificación da subvención*

De acordo co previsto no artigo 15 desta orde, para acreditar o cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención deste programa, a beneficiaria deberá presentar, no prazo, nos termos e na forma que estableza a resolución de concesión, a seguinte documentación:

1. Memoria resumo da execución da actividade subvencionada, que inclúa a xustificación da vinculación dos gastos á actividade, asinada pola persoa que exerza a representación da beneficiaria.

2. Certificación detallada dos gastos realizados e do cumprimento dos fins obxecto da subvención.

3. Relación debidamente asinada das facturas e outros documentos xustificativos dos gastos realizados, na cal deberán constar:

- Número de orde.
- Número de factura ou outra referencia identificativa do documento.
- Concepto de gasto a que se refire.
- Importe da factura ou documento xustificativo.
- Porcentaxe de imputación á subvención.
- Importe que se xustifica.

4. Orixinal ou copia das facturas ou outros documentos xustificativos do gasto, así como orixinal ou copia compulsada ou cotexada dos xustificantes bancarios de pagamento, identificados e ordenados segundo a relación a que se refire o parágrafo 3. Nos xustificantes bancarios deberá constar claramente a persoa emisora e perceptora e concepto do gasto.

5. Copia dos estudos, proxectos, auditorías, informes, catálogos ou outros documentos obxecto da subvención ou xerados na execución do proxecto subvencionado.



6. Copia dos acordos de integración, fusión ou colaboración empresarial resultantes do proceso, agás no caso de que os informes de viabilidade sexan negativos.

7. No caso de intercooperación para a realización de actividades de I+D+i: proposta do proxecto presentado ou que se pretenda presentar a algunha convocatoria pública.

8. Declaración complementaria de cada unha das entidades beneficiarias, do conxunto das axudas solicitadas para a mesma actividade, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o anexo VII.

9. Breve documento explicativo do procedemento e da denominación desagregada (contas e subcontas, códigos...) empregados para manter os gastos financiados de forma separada na contabilidade.

#### Artigo 61. *Obrigas das entidades beneficiarias*

1. Ademais das obrigas recollidas con carácter xeral no artigo 17 desta orde, as entidades beneficiarias deberán manter polo menos durante un período de dous anos, contados desde a data da resolución de concesión, unha forma xurídica de entre as elixibles para resultar beneficiarias da subvención concedida, así como a súa actividade empresarial.

2. No caso de incumprimento do previsto no punto anterior, procederá o reintegro das cantidades percibidas nos termos previstos no artigo 19 desta orde.

### CAPÍTULO X

#### Convocatoria de subvencións para o ano 2016

#### Artigo 62. *Convocatoria*

Convócanse para o ano 2016 as subvencións para o fomento do emprendemento en economía social (programa Aproz-economía social) reguladas polas bases contidas nesta orde.

A concesión das subvencións reguladas nos programas I, II, V e VI realizarase en réxime de concorrencia competitiva. A concesión das subvencións reguladas nos programas III e IV realizarase en réxime de concorrencia non competitiva.



**Artigo 63. *Presentación de solicitudes***

Para os programas I, II, V e VI o prazo de presentación de solicitudes será dun mes a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo finaliza o último do mes.

Para os programas III e IV, o prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e ata o 30 de setembro de 2016.

**Artigo 64. *Período de execución das accións***

O período de execución de accións para os programas I, II, V e VI abranguerá desde o 16 de agosto de 2015 ata o 14 de novembro de 2016. Para os programas III e IV o período de execución abranguerá desde o 1 de outubro de 2015 ata o 14 de novembro de 2016.

En todos os casos o gasto subvencionable será o efectivamente pagado desde o 1 de outubro de 2015 ata o 16 de novembro de 2016.

**Artigo 65. *Xustificación das accións subvencionadas***

As persoas ou entidades beneficiarias das subvencións deberán xustificar o investimento conforme a resolución de concesión e solicitar os correspondentes pagamentos mediante solicitude conforme o modelo do anexo VI, IX, XII, XIV, XVI ou XVIII, en función do programa que se trate.

A data máxima de xustificación das accións subvencionadas será o 16 de novembro de 2016.

**Artigo 66. *Financiamento e normativa reguladora***

O orzamento total das subvencións previstas nesta orde ascende a 2.865.827,12 € e a distribución inicial de créditos por programas é a que se indica, de acordo coa Lei 1/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.



Programa I: 1.231.346 € (9.40.324C.470.0).

Programa II: 900.000 € (9.40.324C.470.1).

Programa III: 326.477,31 € (9.40.324C.471.0).

Programa IV: 185.003,81 € (9.40.324C.471.0).

Programa V: 60.000 € (9.40.324C.470.2).

Programa VI: 163.000 € (9.40.324C.472.2).

Disposición adicional primeira. *Comprobación do cumprimento das condicións*

A Consellería de Economía, Emprego e Industria poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nos diferentes programas desta orde, agás aquela que, de acordo co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xa se encontra en poder da Administración actuante.

Disposición adicional segunda. *Delegación de atribucións*

Apróbase a delegación de atribucións da persoa da Consellería de Economía, Emprego e Industria nas persoas titulares das xefaturas territoriais, no ámbito das súas respectivas provincias, para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar, dispor, recoñecer a obriga e propor os correspondentes pagamentos, e para resolver os procedementos de reintegro sinaladas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, respecto dos programas I, II, III e IV.

Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria a favor da persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego para resolver a concesión ou denegación das subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar, dispor, recoñecer a obriga e propor os correspondentes pagamentos, así como as relativas aos procedementos de reintegro sinaladas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, respecto dos programas V e VI.

Así mesmo, apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria na persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego para a



tramitación e resolución dos expedientes de redistribución dos créditos necesarios para o financiamento desta orde.

Disposición adicional terceira. *Remanentes de crédito*

Se unha vez adxudicadas as subvencións resultase remanente de crédito, esta consellería reserva para si a facultade de efectuar convocatorias complementarias ou reabrir o prazo de presentación de solicitudes.

Disposición adicional cuarta. *Publicación na Base de datos nacional de subvencións*

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do dito artigo serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento da orde*

Facúltase a persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2016

Francisco José Conde López  
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I

PROCEDIMENTO <b>AXUDAS PARA O FOMENTO DO EMPRENDAMENTO EN ECONOMÍA SOCIAL PROGRAMA I: FOMENTO DO EMPREGO EN COOPERATIVAS E SOCIEDADES LABORAIS</b>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>TR802G</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

EXPEDIENTE

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

RAZÓN SOCIAL  NIF

TIPO DE VÍA  NOME DA VÍA  NÚMERO  BLOQUE  ANDAR  PORTA

CP  PROVINCIA  CONCELLO  LOCALIDADE

TELÉFONO  FAX  CORREO ELECTRÓNICO

ACTIVIDADE ECONÓMICA (descrición)  CNAE

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO  NIF

**ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN** (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA  NOME DA VÍA  NÚMERO  BLOQUE  ANDAR  PORTA

CP  PROVINCIA  CONCELLO  LOCALIDADE

TELÉFONO  FAX  CORREO ELECTRÓNICO

**DATOS BANCARIOS**

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.


TITULAR DA CONTA  NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

**OUTROS DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

Nº TOTAL DE PERSOAS SOCIAS		Nº TOTAL DE PERSOAS ASALARIADAS	
Nº PERSOAS SOCIAS TRABALLADORAS	HOMES	Nº PERSOAS ASALARIADAS	MULLERES
< 25 ANOS		< 25 ANOS	
25 - 29 ANOS		25 - 29 ANOS	
30 - 54 ANOS		30 - 54 ANOS	
>= 55 ANOS		>= 55 ANOS	

COOPERATIVA XUVENIL  SI  NON      NOVA CREACIÓN  SI  NON

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>

CVE-DOG: rjxozzm4-wqk6-jxv3-bp39-1rvkk8n3vjf8





**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
 EMPREGO E INDUSTRIA

**ANEXO I**  
 (continuación)

**PERSOAS POLAS CALES SE SOLICITA SUBVENCIÓN**

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	COLECTIVO (1)	XORNADA DE TRABALLO (2)	LOCALIDADE CENTRO DE TRABALLO	AXUDA (3) E (4)

(1) Poñer o número do colectivo a que pertence (no caso de pertencer a máis dun colectivo, indíquese soamente o máis beneficioso para a persoa interesada):

1. Con carácter xeral (5.500 €).
2. Muller (7.000 €).
3. Persoa con discapacidade igual ou superior ao 33 % (10.000 €).
4. Persoa en situación ou risco de exclusión social (10.000 €)

(2) Indicar se é a tempo completo (TC) ou a tempo parcial (neste caso, indicar a duración da xornada en porcentaxe)

(3) Indicar a axuda que corresponda segundo o colectivo (1). Cando a dedicación sexa a tempo parcial, a contía dos incentivos previstos no número (1) reducirase ao 50 %.

(4) No caso de que o centro de traballo a que se incorpora a persoa socia traballadora estea situado nun concello rural, as contías sinaladas nos puntos (1) e (3) incrementaríanse nun 15 %.  
 No caso de persoas socias traballadoras que se incorporen a unha cooperativa xuvenil, as contías sinaladas nos puntos (1) e (3) incrementaríanse nun 25 %, ou nun 50 % se esta é de nova creación.

**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

2. Que en relación coas axudas *de minimis* (artigo 7 das bases reguladoras):

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.
- Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

CVE-DOG: rjxozzm4-wqk6-jxv3-bp39-1rvkk8h3vjf8



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

**ANEXO I**  
(continuación)

**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA** (continuación)

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
4. Que ten a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.
5. Non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
6. Non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
8. Non incorre en ningunha das incompatibilidades sinaladas no artigo 16 das bases reguladoras.
9. Comunicaralle ao órgano que conceda a axuda calquera modificación das condicións tidas en conta no momento da concesión, así como dos compromisos e obrigas asumidos pola entidade beneficiaria e, se é o caso, a obtención de subvencións ou axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
10. Sométese ás actuacións de control, comprobación ou inspección que efectuará a Consellería de Economía, Emprego e Industria e ás de control financeiro que lle correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea.
11. Que cumpre coas previsións da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, ou da Lei 44/2015, do 14 de outubro, de sociedades laborais, ao respecto dos topes máximos de traballadores ou traballadoras por conta allea.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU SE DECLARA ESTAR EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE**

- |  |                          |            |        |     |
|--|--------------------------|------------|--------|-----|
| <input type="checkbox"/> Copia do documento nacional de identidade da persoa representante, só no caso de non autorizar expresamente a comprobación de datos (artigo 10.1 das bases reguladoras).  |                          |            |        |     |
| <input type="checkbox"/> Certificación da relación nominal das persoas socias polas cales se solicita subvención, segundo o modelo do anexo II.  |                          |            |        |     |
| <input type="checkbox"/> Copia do documento nacional de identidade das persoas socias traballadoras ou de traballo por quen se solicita subvención, só no caso de non autorizar expresamente a comprobación de datos (artigo 10.1 das bases reguladoras) de acordo co modelo do anexo IV.  |                          |            |        |     |
| <input type="checkbox"/> Informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social das persoas socias traballadoras ou de traballo por quen se solicita subvención, referido á data de presentación da solicitude, ou ben autorización expresa destas persoas para a comprobación directa polo órgano xestor, de acordo co modelo do anexo IV (artigo 10.1 das bases reguladoras).  |                          |            |        |     |
| <input type="checkbox"/> No caso de incorporación de persoas desempregadas de longa duración, certificación emitida polo Servizo Público de Emprego dos períodos de inscrición como demandante de emprego, así como do tempo de permanencia na situación de desemprego, referida á data de incorporación (ou á data de presentación da solicitude, se aínda non tivo lugar a incorporación) das persoas socias traballadoras ou de traballo por quen se solicita subvención, ou ben autorización expresa destas persoas para a comprobación directa polo órgano xestor, de acordo co modelo do anexo IV (artigo 10.1 das bases reguladoras). |                          |            |        |     |
| <input type="checkbox"/> Se é o caso, documentos acreditativos da discapacidade ou da situación ou risco de exclusión social das persoas polas cales se solicita a subvención. No caso de discapacidade, non será necesario se se autoriza a comprobación directa polo órgano xestor, de acordo co modelo do anexo IV (artigo 10.1 das bases reguladoras).   |                          |            |        |     |
| <input type="checkbox"/> No caso de cooperativas xuvenís:  |                          |            |        |     |
| <input type="checkbox"/> Certificación da relación nominal das persoas socias da cooperativa, segundo o modelo do anexo V.   |                          |            |        |     |
| <input type="checkbox"/> Copia do documento nacional de identidade de todas as persoas socias traballadoras da cooperativa con idade comprendida entre 16 e 29 anos (entre 16 e 35 anos, en caso de discapacidade), así como a documentación acreditativa da discapacidade, se é o caso, só no caso de non autorizar expresamente a comprobación de datos (artigo 10.1 das bases reguladoras) de acordo co modelo do anexo IV.   |                          |            |        |     |
| <input type="checkbox"/> Se é o caso, certificación do órgano competente da cooperativa acerca da condición de socio a proba das persoas socias traballadoras ou de traballo por quen se solicita subvención, referida á data de incorporación (ou á data de presentación da solicitude, se aínda non tivo lugar a incorporación).   |                          |            |        |     |
| <input type="checkbox"/> Calendario laboral da cooperativa ou sociedade laboral e certificación relativa á xornada de traballo asignada ás persoas que se incorporan como socias traballadoras ou de traballo. Poderá obter un modelo na páxina web da consellería ( <a href="http://emprego.ceei.xunta.gal">http://emprego.ceei.xunta.gal</a> ), na súa epígrafe de axudas e subvencións.   |                          |            |        |     |
|  | PRESENTADO               | CÓD. PROC. | EXPTÉ. | ANO |
| <input type="checkbox"/> Copia do NIF da entidade solicitante, só no caso de denegar expresamente a súa consulta (artigo 10.3 das bases reguladoras).  | <input type="checkbox"/> |            |        |     |
| <input type="checkbox"/> Alta no imposto de actividades económicas (IAE), só no caso de denegar expresamente a súa consulta (artigo 10.3 das bases reguladoras) ou, se é o caso, alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.   | <input type="checkbox"/> |            |        |     |
| <input type="checkbox"/> Memoria técnica e económica do proxecto empresarial ou o plan de empresa, axustado ao modelo dispoñible na páxina web da consellería ( <a href="http://emprego.ceei.xunta.gal">http://emprego.ceei.xunta.gal</a> ), na súa epígrafe de axudas e subvencións.  | <input type="checkbox"/> |            |        |     |
| <input type="checkbox"/> Documentación que acredite, por calquera medio válido en dereito, a representación con que actúa a persoa que asina a solicitude.   | <input type="checkbox"/> |            |        |     |

Autorizo a Consellería de Economía, Emprego e Industria, de conformidade co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, para consultar a documentación indicada anteriormente.  
Así mesmo, declaro que a dita documentación está vixente e que non transcorreron máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponde.





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

**ANEXO I**  
(continuación)

Autorizo a Consellería de Economía Emprego e Industria para consultar os datos de identidade da persoa representante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

SI  NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro denominado Relacións administrativas coa cidadanía e entidades, cuxa finalidade e usos é a xestión das relacións administrativas cos cidadáns, entre elas, procedementos administrativos, rexistros, portelo electrónico 24x7, axudas, subvencións, e a xestión das relacións administrativas con entidades sen ánimo de lucro que manteñan relación coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a [lopd.industria@xunta.gal](mailto:lopd.industria@xunta.gal)

Así mesmo, os datos persoais referidos no parágrafo anterior tamén serán incluídos nun ficheiro denominado Xestión, seguimento e control de proxectos e fondos europeos, cuxa finalidade e usos previstos son: a xestión, seguimento, control, coordinación e estudo da execución e avaliación dos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europea; a xestión e tramitación ante a Administración xeral do Estado e ante a Unión Europea dos reembolsos dos programas operativos; a realización, coordinación e análise das avaliacións exixidas polos regulamentos comunitarios; accións informativas e de actividades dirixidas á cidadanía. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos como responsable do ficheiro mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo de San Caetano, San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Orde do 30 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para o fomento do emprendemento en economía social (Programa Aprod-economía social), cofinanciadas parcialmente con cargo ao Programa Operativo do Fondo Social Europeo e ao Programa operativo de emprego xuvenil, e se convocan para o ano 2016.

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

,  de  de



Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de

 SEDE ELECTRÓNICA

Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>



UNIÓN EUROPEA  
"Unha maneira de facer Europa"  
"O FSE inviste no teu futuro"





ANEXO II

**CERTIFICACIÓN DA RELACIÓN NOMINAL DAS NOVAS PERSOAS SOCIAS TRABALLADORAS OU DE TRABALLO POLAS CALES SE SOLICITA SUBVENCIÓN  
AXUDAS POLA INCORPORACIÓN DE PERSOAS SOCIAS TRABALLADORAS OU DE TRABALLO**

EXPEDIENTE

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

RAZÓN SOCIAL

NIF

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

**RELACIÓN DE PERSOAS SOCIAS TRABALLADORAS OU DE TRABALLO POLAS CALES SE SOLICITA SUBVENCIÓN**

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	SEXO	NIF	DATA DE NACEMENTO

**A PERSOA REPRESENTANTE CERTIFICA**

Que ningunha das persoas socias traballadoras ou de traballo polas cales se solicita subvención foi persoa socia traballadora ou de traballo nesta entidade nos dous anos anteriores á data da súa incorporación (agás cando fose en situación de proba) e que ningunha delas obtivo a subvención prevista para a incorporación como persoas socias, para a contratación de directores ou xerentes ou para o apoio ás entidades que presten servizos de natureza social e á comunidade, nos últimos cinco anos.

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

,  de  de



UNIÓN EUROPEA  
"Unha maneira de facer Europa"  
"O FSE inviste no teu futuro"



ANEXO III



**CERTIFICACIÓN DA RELACIÓN NOMINAL DE PERSOAS SOCIAS TRABALLADORAS OU DE TRABALO E PERSOAL ASALARIADO FIXO NOS DOCE MESES INMEDIATAMENTE ANTERIORES Á DATA DA INCORPORACIÓN DAS NOVAS PERSOAS SOCIAS  
AXUDAS POLA INCORPORACIÓN DE PERSOAS SOCIAS TRABALLADORAS OU DE TRABALO**

EXPEDIENTE

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**  
RAZÓN SOCIAL  NIF

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)  
NOME  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO  NIF

**RELACIÓN DE PERSOAS SOCIAS E PERSOAL ASALARIADO**

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	CARACTER <sup>(1)</sup>	DATA DE INCORPORACIÓN Á COOPERATIVA OU SOCIEDADE LABORAL	DATA DE BAIXA NA COOPERATIVA OU SOCIEDADE LABORAL

(1) Poñer o que corresponda: persoa socia traballadora, persoa socia de traballo, persoal asalariado.

**A PERSOA REPRESENTANTE CERTIFICA**  
Que no día inmediatamente anterior ao da incorporación das novas persoas socias traballadoras ou de traballo, o número total de persoas socias traballadoras ou de traballo e asalariadas (excluídas as persoas socias a proba e as persoas traballadoras temporais) ascende a  e que a incorporación, segundo os datos reflectidos neste anexo, supón incremento tanto do emprego como do número de persoas socias traballadoras ou de traballo da entidade, respecto á media do ano inmediatamente anterior á incorporación das novas persoas socias traballadoras polas cales se solicita a subvención.

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**  
Lugar e data  
 ,  de  de



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO IV

## AUTORIZACIÓN DA PERSOA SOCIA PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS

CÓDIGO PROCEDEMENTO	PROGRAMA
<input type="checkbox"/> TR802G	FOMENTO DO EMPREGO EN COOPERATIVAS E SOCIEDADES LABORAIS
<input type="checkbox"/> TR802J	FOMENTO DO ACCESO Á CONDICIÓN DE PERSOA SOCIA
<input type="checkbox"/> TR807G	FOMENTO DO EMPREGO EN COOPERATIVAS E SOCIEDADES LABORAIS PARA PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL
<input type="checkbox"/> TR807H	FOMENTO DO EMPRENDAMENTO COLECTIVO PARA PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL
<input type="checkbox"/> TR807D	IMPULSO DE PROXECTOS EMPRESARIAIS COLECTIVOS
<input type="checkbox"/> TR807F	INTERCOOPERACIÓN E INTEGRACIÓN EMPRESARIAL

## DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

## DATOS DA PERSONA SOCIA PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

Autorizo a Consellería de Economía, Emprego e Industria para consultar os meus datos de identidade no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

SI  NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

Autorizo a Consellería de Economía, Emprego e Industria para consultar os datos dos períodos de inscrición como demandante de emprego na oficina pública de emprego, así como do tempo de permanencia na situación de desemprego, que constan en poder da Administración autonómica, de conformidade co artigo 6.2.b) da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

SI  NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

Autorizo a Consellería de Economía, Emprego e Industria para consultar os meus datos de vida laboral que constan en poder da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, de conformidade co artigo 6.2.b) da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

SI  NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

Autorizo a Consellería de Economía, Emprego e Industria para consultar os meus datos de alta na Seguridade Social que constan en poder da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, de conformidade co artigo 6.2.b) da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.


SI  NON (neste caso achegarase a documentación correspondente na fase de xustificación da subvención)

Autorizo a Consellería de Economía, Emprego e Industria para consultar os datos relativos á miña situación de discapacidade que constan en poder Consellería de Política Social, de conformidade co artigo 6.2.b) da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

SI  NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

## SINATURA DA PERSOA SOCIA

Lugar e data

 ,  de  de 

UNIÓN EUROPEA  
"Unha maneira de facer Europa"  
"O FSE inviste no teu futuro"



**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
 EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO V

## CERTIFICACIÓN DA RELACIÓN NOMINAL DAS PERSOAS SOCIAS DA COOPERATIVA XUVENIL

	CÓDIGO PROCEDEMENTO	PROGRAMA
<input type="checkbox"/>	TR802G	FOMENTO DO EMPREGO EN COOPERATIVAS E SOCIEDADES LABORAIS
<input type="checkbox"/>	TR802J	FOMENTO DO ACCESO Á CONDICIÓ DE PERSOA SOCIA
<input type="checkbox"/>	TR807G	FOMENTO DO EMPREGO EN COOPERATIVAS E SOCIEDADES LABORAIS PARA PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL
<input type="checkbox"/>	TR807H	FOMENTO DO EMPRENDEMENTO COLECTIVO PARA PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL
<input type="checkbox"/>	TR807D	IMPULSO DE PROXECTOS EMPRESARIAIS COLECTIVOS
<input type="checkbox"/>	TR807F	INTERCOOPERACIÓN E INTEGRACIÓN EMPRESARIAL

## DATOS DA COOPERATIVA XUVENIL

RAZÓN SOCIAL

NIF

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

## RELACIÓN DE PERSOAS SOCIAS DA COOPERATIVA XUVENIL

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	DATA DE NACEMENTO	SEXO	PERSOA SOCIA TRABALLADORA OU DE TRABALLO
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON

## SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 ,  de  de 



UNIÓN EUROPEA  
 "Unha maneira de facer Europa"  
 "O FSE inviste no teu futuro"





**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
 EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO VI

## SOLICITUDE DE PAGAMENTO

<b>CÓDIGO PROCEDEMENTO</b>	<b>PROGRAMA</b>
TR802G	FOMENTO DO EMPREGO EN COOPERATIVAS E SOCIEDADES LABORAIS

EXPEDIENTE

## DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

ACTIVIDADES	AXUDA CONCEDIDA		ORZAMENTO EXECUTADO			XUSTIFICANTE Nº ORDE (*)
	ORZAMENTO	AXUDA	UDS.	ORZAMENTO	AXUDA	

## DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA COA SOLICITUDE DE PAGAMENTO

- Declaración responsable complementaria do conxunto das subvencións solicitadas para a mesma actividade, tanto as aprobadas e/ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, se é o caso, que non solicitou nin percibiu outra axudas ou subvencións, segundo o modelo do anexo VII.
- Certificado de alta e permanencia como persoa socia traballadora ou de traballo emitido pola cooperativa ou sociedade laboral.
- Documento de alta na Seguridade Social das persoas incorporadas, só no caso de non autorizar expresamente a comprobación de datos (artigo 10.1 das bases reguladoras) de acordo co modelo do anexo IV, ou documento de alta na mutualidade de colexio profesional que corresponda.
- Certificación da relación nominal das persoas socias traballadoras ou de traballo e do persoal asalariado fixo no ano inmediatamente anterior á data da nova incorporación, con indicación das altas e baixas no dito período (segundo o modelo do anexo III).
- No suposto de traballadores ou traballadoras vinculados á cooperativa ou sociedade laboral por contrato laboral de carácter temporal, copia do contrato de traballo, documento de alta inicial na Seguridade Social, así como xustificante da comunicación á Seguridade Social dos cambios producidos.
- Cando se trate da incorporación dun socio ou socia que vaia realizar unha xornada a tempo parcial, unha copia do contrato de traballo no caso de sociedades laborais. De tratarse de cooperativas, certificado en que conste a duración da xornada que ten fixada a persoa que se incorpora.
- Cando se trate dunha persoa socia a proba que accede á condición de socia con carácter indefinido, certificación do órgano competente da cooperativa do importe das achegas e cotas de ingreso, se é o caso, subscritas e desembolsadas para adquirir a condición de socio ou socia, así como certificación bancaria do seu pagamento en que conste claramente a persoa emisora e receptora, o concepto do gasto e a data en que se fixo efectivo.
- Copia do documento no cal se lle comunique á persoa incorporada pola cal se obtivo a subvención que esta actuación foi cofinanciada pola Xunta de Galicia e polo Fondo Social Europeo segundo se establece na letra a) do artigo 18 das bases reguladoras.
- Documentación acreditativa (fotografías ou documentos equivalentes) do cumprimento das obrigas a que se refire o artigo 18.a) das bases reguladoras.
- Breve documento explicativo do procedemento e da denominación desagregada (contas e subcontas, códigos, etc...) empregados para manter os gastos financiados de forma separada na contabilidade.

CVE-DOG: rjxozm4-wqk6-jxv3-bp39-1rvkk8h3vjf8



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



**ANEXO VI**  
(continuación)

**RELACIÓN DE DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS**

Nº ORDE (*)	EMISOR	NÚMERO	DATA	CONCEPTO	IMPORTE
1					
2					
3					
4					
5					
6					
7					
8					
9					
10					

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

,  de  de

galicia



UNIÓN EUROPEA  
"Unha maneira de facer Europa"  
"O FSE inviste no teu futuro"

Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO VII

DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS E DE AXUDAS EN RÉXIME *DE MINIMIS*

CÓD. PROCEDEMENTO	PROGRAMA
<input type="text"/>	<input type="text"/>


EXPEDIENTE

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA</b>						
Que para a mesma actividade ou proxecto esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a seguir:						
AXUDAS SOLICITADAS	AXUDAS CONCEDIDAS	ANO	ORGANISMO	IMPORTE (€)	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
Que esta entidade ten concedidas en réxime <i>de minimis</i> (artigo 7 das bases reguladoras), neste ano e nos dous anteriores, as seguintes axudas:						
ANO	ORGANISMO	IMPORTE (€)	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA		
Así mesmo, a entidade solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data da presente declaración.						

<b>SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE</b>				
Lugar e data				
<input type="text"/>	,	<input type="text"/>	de	<input type="text"/>




**XUNTA DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO VIII

PROCEDIMENTO <b>AXUDAS PARA O FOMENTO DO EMPRENDAMENTO EN ECONOMÍA SOCIAL PROGRAMA II: FOMENTO DO ACCESO Á CONDICIÓN DE PERSOA SOCIA</b>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>TR802J</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
EXPEDIENTE <input type="text"/>		

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					


<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				

<b>ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b> (non é necesario se coincide co anterior)							
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

<b>DATOS BANCARIOS</b>							
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.							
TITULAR DA CONTA						NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)	
<input type="text"/>						IBAN	<input type="text"/>

<b>DATOS DA COOPERATIVA OU SOCIEDADE LABORAL A QUE SE INCORPORA</b>							
RAZÓN SOCIAL							NIF
<input type="text"/>							<input type="text"/>
Cooperativa xuvenil <input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON Nova creación <input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON							

<b>ACHEGA AO CAPITAL SOCIAL</b>							
Condición (1)	Colectivo (2)	Xornada de traballo (3)	Localidade do centro de traballo	Achega ao capital	Axuda que solicita (4) e (5)		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
(1) Poner o número da condición a que pertence:							
1. Persoa desempregada inscrita como demandante de emprego (ata 4.500 € con carácter xeral, ata 5.000 € por ser muller ou ata 6.000 € cando se trate dunha persoa con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social).							
2. Persoa socia a proba da cooperativa á cal se incorpora (ata 4.500 € con carácter xeral, ata 5.000 € por ser muller ou ata 6.000 € cando se trate dunha persoa con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social).							
3. Persoa asalariada da cooperativa ou sociedade laboral á cal se incorpora (ata 4.500 € con carácter xeral, ata 5.000 € por ser muller ou ata 6.000 € cando se trate dunha persoa con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social).							
4. Persoa asalariada dunha empresa que se transforme nunha cooperativa ou sociedade laboral, sempre que non teña a condición de socia da empresa transformada (ata 4.500 € con carácter xeral, ata 5.000 € por ser muller ou ata 6.000 € cando se trate dunha persoa con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social).							
5. Persoa socia traballadora ou de traballo dunha cooperativa ou sociedade laboral a tempo parcial, que acceda á mesma condición a tempo completo (ata 2.250 € con carácter xeral, ata 2.500 € por ser muller ou ata 3.000 € cando se trate dunha persoa con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social).							
6. Persoa desempregada inscrita como demandante de emprego que emprenda unha actividade por conta propia e se incorpore nunha cooperativa como persoa socia, con compromiso de exclusividade, para comercializar os seus produtos, obter subministracións, servizos e a asistencia técnica que precise, sempre que teñan o seu domicilio social e fiscal en Galicia (ata 4.500 € con carácter xeral, ata 5.000 € por ser muller ou ata 6.000 € cando se trate dunha persoa con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social).							


 Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>

CVE-DOG: rjxozzm4-wqk6-jxv3-bp39-1rvkk8n3vjf8





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

**ANEXO VIII**  
(continuación)

**ACHEGA AO CAPITAL** (continuación)

(2) Poñer o número do colectivo a que pertence (no caso de pertencer a máis dun colectivo, indicar soamente o máis beneficioso para a persoa interesada):

1. Carácter xeral
2. Muller
3. Persoa con discapacidade igual ou superior ao 33 %
4. Persoa en situación ou risco de exclusión social

(3) Indicar se é a tempo completo (TC) ou a tempo parcial (neste caso, indicar a duración da xornada en porcentaxe)

(4) Indicar a axuda que corresponda segundo a condición (1) e o colectivo (2).

Cando a dedicación sexa a tempo parcial, a contía máxima dos incentivos previstos nos puntos 1, 2, 3, 4 e 6 do número (1) reducirase ao 50 %.

